

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8167 *Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

A sociedade actual exige un alto grao de eficiencia e axilidade no sistema xudicial, pois non se pode esquecer que unha xustiza eficaz, ademais de garantir o respecto dos dereitos fundamentais de todos e de facilitar con iso a paz social, é un elemento estratéxico para a actividade económica dun país e contribúe de forma directa a un reforzamento da seguridade xurídica e, en paralelo, á redución da litixiosidade.

Nesta liña, a modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, afonda na busca de solucións que dean resposta a algúns dos problemas que sofre o sistema xudicial español.

Para tal fin, a reforma, nun artigo único que contén cento dezaseis puntos, articula un paquete de medidas estruturais e organizativas encamiñadas ao logro dunha mellor resposta aos cidadáns que acoden á xurisdición en defensa dos seus dereitos e intereses.

II

En primeiro lugar, introdúcense medidas como o encaixe definitivo da xurisdición militar no poder xudicial e a eliminación do privilexio de presentación de ternas de que goza o Ministerio de Defensa para a designación dos maxistrados da Sala do Militar do Tribunal Supremo procedentes do corpo xurídico militar.

Inclúese, tamén, unha previsión respecto das sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos que declaren a vulneración dalgún dos dereitos recoñecidos no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais e nos seus protocolos, e establécese que serán motivo suficiente para a interposición do recurso de revisión exclusivamente da sentenza firme ditada no proceso «a quo». Con iso incrementase, sen lugar a dúbidas, a seguridade xurídica nun sector tan sensible como o da protección dos dereitos fundamentais, fundamento da orde política e da paz social, como proclama o artigo 10.1 da nosa Constitución.

Tamén co obxectivo de intensificar a protección dos dereitos, abórdase un tema, como é a protección de datos no ámbito dos tribunais, que carecía até hoxe dunha regulación completa e actualizada. O modelo distingue con claridade entre os ficheiros xurisdicionais e os non xurisdicionais. Desta forma, o responsable dos ficheiros xurisdicionais é o órgano xurisdicional e estes réxense polas leis procesuais en canto aos dereitos ARCO –acceso, rectificación, cancelación e oposición–. A autoridade de control de tales ficheiros será o Consello Xeral do Poder Xudicial. Por outro lado, o responsable dos ficheiros non xurisdicionais é a oficina xudicial, á fronte da cal está un letrado da Administración de xustiza. Ese tipo de ficheiros rexeráse pola normativa existente en materia de protección

de datos de carácter persoal e a autoridade de control destes ficheiros será a Axencia Española de Protección de Datos.

III

Inclúese tamén un conxunto de medidas para lograr unha maior axilización e especialización nas respostas xudiciais, cuxo obxectivo é dobre: dun lado, acabar cos problemas de atraso que existen nalgúns órganos xurisdicionais e, doutro lado, incrementar a calidade da resposta ofrecida ao cidadán. Deste modo, para conseguir unha maior flexibilidade na organización xudicial introdúcense distintas medidas coas cales se pretende alcanzar unha mellor repartición de asuntos entre xulgados, unha resolución especializada daqueles que polo seu volume exixan de respostas específicas e unha axilización da instrución daquelas causas que pola súa complexidade así o requiran.

En primeiro lugar, adóptanse medidas no ámbito dos xulgados de violencia sobre a muller. A Lei orgánica do poder xudicial estableceu estes xulgados como órganos especializados co fin de que coñezan dos asuntos de violencia sobre a muller con carácter exclusivo e excluínste; porén, e malia a regulación inicial, na actualidade conviven no noso territorio xulgados que coñecen exclusivamente das materias que a lei lles atribúe con outros que, ademais, tramitan e resolven outros procedementos civís e penais: 106 xulgados exclusivos e 355 xulgados compatibles. Co fin de buscar o correcto equilibrio entre o mantemento dunha proximidade razoable do xulgado respecto da vítima e a resposta especializada que exige o tratamento deste tipo de procedementos, preténdese potenciar a posibilidade de estender a xurisdición dos xulgados de violencia sobre a muller a dous ou máis partidos xudiciais; isto permitirá asegurar a especialización que se pretendía neste ámbito e, ao mesmo tempo, descargar de traballo os xulgados de primeira instancia e instrución, ou de instrución, de ser o caso, da mesma provincia. Coa reforma, esta extensión da xurisdición poderá acordala o Goberno mediante real decreto, tras proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e con informe das administracións afectadas, sen necesidade de tramitar unha modificación da Lei de demarcación e de planta xudicial.

En segundo lugar, xunto ao clásico motivo relativo a que a boa administración de xustiza o faga necesario, posibilitase agora buscar un maior equilibrio das cargas de traballo no caso daqueles órganos de ámbito provincial. Para iso, prevese que as salas de goberno poidan acordar as modificacións precisas nas normas de repartición dos xulgados do mercantil, do penal, de menores, de vixilancia penitenciaria, do contencioso-administrativo ou do social, para equilibrar a distribución de asuntos.

En terceiro lugar, introdúcese un recurso organizativo dirixido a dar resposta a todas aquelas causas que, por distintas circunstancias, xeran en pouco tempo unha enorme litixiosidade, dificultando en gran medida que os nosos xulgados dean unha resposta áxil e única, ademais de ocasionar atrasos na tramitación do resto de procesos.

Así, xunto coa especialización de xulgados que xa permitía o artigo 98 da lei orgánica que se reforma, inclúese agora un mecanismo que permitirá ao órgano de goberno do poder xudicial especializar un ou varios órganos xudiciais, de modo temporal e con carácter exclusivo se así se determina en función do cúmulo de asuntos, para axuizar e resolver aquelas causas específicas que se determinen, de tal modo que poidan ser tramitados de forma específica, facilitando a unificación de criterios. A principal novidade radica en que estes xulgados especializados poderán ter ámbito provincial, superando desa maneira as limitacións que a existencia de circunscricións territoriais de ámbito inferior podería ocasionar. En definitiva, posibilitase a resolución de tales asuntos por un ou varios órganos especializados e liberaranse do seu coñecemento outros xulgados para que poidan prestar maior dedicación ao despacho dos asuntos ordinarios.

A norma exclúe que por esta vía se poidan atribuír aos órganos que se especialicen asuntos que versen sobre materias que por disposición legal estean atribuídos a outros de diferente clase, incluso dentro da mesma orde xurisdicional. Igualmente, exclúense os xulgados de instrución co fin de evitar calquera inxerencia no seu réxime competencial, máis cando poderán ser obxecto do resto de medidas de reforzo que prevé esta reforma.

Por último, co propósito de facilitar a instrución de causas de especial complexidade e auxiliar o instrutor, introdúcese a posibilidade de que, como medida de apoio, o Consello Xeral do Poder Xudicial poida adscribir ao órgano instrutor un ou varios xuíces, maxistrados ou incluso letrados da Administración de xustiza, con ou sen relevación de funcións para que, sen o desempeño compartido de funcións xurisdicionais –sen posibilidade por tanto de actuar na causa– e baixo a dirección do titular do órgano que coñeza desa causa complexa, poidan realizar labores de estudo, apoio, colaboración e proposta.

Esta medida de apoio axustarase ás previsións regulamentarias actualmente en vigor e requirirá a conformidade do Ministerio de Xustiza.

A reforma incorpora, ademais, unha serie de modificacións á regulación dos xuíces de adscrición territorial a través das cales se pretende introducir elementos de maior flexibilidade na organización xudicial. Así, en primeiro lugar, salientase que os xuíces de adscrición territorial están á disposición do Tribunal Superior de Xustiza para funcións de substitución e reforzo, e que a súa designación compete directamente ao presidente, sen prexuízo de que deba dar conta á Sala de Goberno. Esta previsión vese acompañada da obriga da Sala de Goberno de informar o Consello Xeral do Poder Xudicial sobre a situación e os destinos que en cada momento desempeñen os xuíces de adscrición. En segundo lugar, aclárase que o labor do xuíz de adscrición, cando actúe en funcións de substitución, se realiza con plenitude de xurisdición, de tal forma que tamén poderá acudir, en tal condición, ás xuntas de xuíces e desempeñar calquera outro acto de representación do órgano xudicial, na falta do seu titular. E, en terceiro lugar, atribúeselle á Sala de Goberno a fixación dos obxectivos do reforzo e a repartición de asuntos en caso de que o xuíz de adscrición territorial realice tarefas de reforzo, garantindo ser oído nese proceso.

Finalmente, incídese tamén, no marco da transparencia e do dereito de acceso dos cidadáns á información pública e dentro dos límites establecidos nas leis, no ámbito da publicidade das actuacións xudiciais, e regúlase a obriga da publicación de sinalamentos dos órganos xudiciais, de tal forma que con antelación poida coñecerse a data e hora de tramitación dun procedemento.

IV

Os cidadáns seguen percibindo como un síntoma de falta de seguridade xurídica a existencia de resolucións diversas sobre unha mesma materia. Por iso, no texto afóndase na necesidade de evitar resolucións contraditorias entre seccións dun mesmo órgano xudicial que conducen a unha falta de preditibilidade dos pronunciamentos xudiciais, o que, en último termo, se proxecta sobre o grao de seguridade xurídica do noso ordenamento. Para iso introdúcese modificacións na regulación dos plenos xurisdicionais para unificación de criterio prevendo, por un lado, que formen parte destes os maxistrados que coñezan da materia sobre a cal existe a discrepancia e, por outro, que as seccións deban motivar as razóns polas cales se apartan do criterio acordado nun destes plenos.

V

Tamén se elimina a responsabilidade civil directa dos xuíces e maxistrados, moi pouco utilizada na práctica. Con iso alíñase a responsabilidade dos xuíces coa do resto dos empregados públicos e dáse cumprimento ás recomendacións do Consello de Europa nesta materia. Esa exención de responsabilidade non exclúe, lóxicamente, que a Administración poida repetir, en vía administrativa, contra o xuíz ou maxistrado se este incorreu en dolo ou culpa grave.

Así mesmo, regúlase a prolongación da permanencia no servizo activo para os membros da carreira xudicial, en consonancia coa supresión da figura do maxistrado emérito.

VI

A progresiva internacionalización das relacións persoais e empresariais dos cidadáns do noso país exige unha actualización dos criterios de atribución de xurisdición aos tribunais españois da orde civil. A necesidade desta actualización faise evidente se se ten en consideración que, no momento en que foi redactado o vixente artigo 22 da Lei orgánica do poder xudicial, o proceso de internacionalización de España se encontraba nun momento moi inicial. De feito, nin sequera se culminara a incorporación plena ao ámbito da Unión Europea.

Por esta mesma razón, resulta conveniente mencionar na lei a vinculación dos xuíces e tribunais españois ao dereito da Unión, na interpretación que del fai o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. En paralelo, e como corolario do sistema, determínase a forma en que no noso ordenamento se debe propor procesualmente a principal canle de diálogo entre o xuíz español e o Tribunal de Xustiza da Unión Europea: a cuestión prexudicial. Con isto, afóndase na procura de maiores garantías na protección dos dereitos dos cidadáns.

VII

A loita contra a violencia de xénero segue demandando medidas en todos os ámbitos, coa finalidade de erradicar esta lacra social. A iso non se pode subtraer a Lei orgánica do poder xudicial, que incorpora unha batería de medidas destinadas a incrementar a firme e continua loita desde o ámbito legislativo contra a violencia de xénero. Neste sentido, ampliáanse as competencias do xuíz de violencia sobre a muller, en primeiro lugar, aos delitos contra a intimidade, o dereito á propia imaxe e a honra da muller. É dicir, coñecerá da instrución dos procesos para exixir responsabilidade penal por delitos nos cales tamén se vén manifestando a violencia de xénero; en concreto, os delitos de revelación de segredos e os delitos de injurias. En segundo lugar, tamén coñecerá do delito de quebrantamento previsto e penado no artigo 468 do Código penal cando a persoa ofendida sexa ou fose a súa esposa ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade mesmo sen convivencia, así como os descendentes, propios ou da esposa ou convivente, ou sobre os menores ou persoas coa capacidade modificada xudicialmente que con el convivan ou que se achen suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito da esposa ou convivente. Ao atribuír a competencia para o coñecemento da instrución deste delito ao xuíz de violencia sobre a muller obtérase unha maior eficacia á hora de protexer a vítima, porque este terá moitos máis datos que calquera outro xuíz para valorar a situación de risco.

As características específicas desta forma de violencia sobre as mulleres fan tamén necesaria a formación especializada de todos os operadores xurídicos para desenvolver con eficacia as respectivas funcións que teñen encomendadas, o que se ve reflectido nas probas selectivas para o ingreso e a promoción na carreira xudicial, pois deben incluír o estudo do principio de igualdade entre mulleres e homes, incluíndo as medidas contra a violencia de xénero e a súa aplicación con carácter transversal no ámbito da función xurisdiccional.

Así mesmo, asegúrase unha asistencia técnica e profesional por parte dos equipos adscritos á Administración de xustiza, en especial, no ámbito dos institutos de medicina legal e ciencias forenses, que poderán estar integrados por psicólogos e traballadores sociais para garantir, entre outras funcións, a asistencia especializada ás vítimas de violencia de xénero.

Por último, garántese que a estatística xudicial teña tamén en conta a variable de sexo.

VIII

Dentro do punto dedicado ás reformas institucionais, abórdanse, en primeiro lugar, certas modificacións do réxime do Consello Xeral do Poder Xudicial. Trátase de axustes froito da experiencia de case un ano de funcionamento do novo modelo de Consello Xeral do Poder Xudicial. Entre elas encóntrase o aumento do número de

membros da Comisión Permanente, que pasan de cinco a sete, de modo que as importantes atribucións que ten encomendadas poidan ser exercidas con plena dedicación por un número importante de vogais.

No ámbito do Tribunal Supremo introdúcese unha nova regulación máis detallada do seu gabinete técnico, como órgano de asistencia á presidencia e ás súas diferentes salas nos procesos de admisión e na elaboración de informes e estudos.

IX

Tamén se introducen modificacións no libro V. O corpo de secretarios xudiciais pasa a denominarse corpo de letrados da Administración de xustiza. Con isto dáse resposta a unha demanda histórica deste, que considera que a denominación de secretarios xudiciais conduce a equívocos sobre a función realmente desempeñada.

Neste sentido de adaptación ás actuais funcións desenvolvidas polo dito corpo inclúese unha referencia expresa a que os seus membros desempeñan a dirección da oficina xudicial; engádense novas competencias como a mediación e a tramitación e, de ser o caso, a resolución de procedementos monitorios, todo isto no marco do que prevegan as normas procesuais; inclúense os decretos como tipo de resolución propia destes funcionarios e prevese que o Ministerio de Xustiza aprobe anualmente a súa escala. Así mesmo, establécese o réxime de dereitos e deberes dos letrados da Administración de xustiza, aclarando así o seu status funcional, incluíndo unha cláusula remisoria con carácter xeral ao libro VI e supletoriamente ao Estatuto básico do empregado público e demais normativa da función pública, todo iso sen prexuízo das necesarias especialidades, propias da natureza e das funcións do corpo de letrados da Administración de xustiza.

Mantéñense, así mesmo, as actuais tres categorías existentes no corpo de secretarios xudiciais e introdúcese melloras técnicas aclarando a regulación desta materia.

Por outra parte, prevese un sistema de substitucións inspirado nos principios da Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa finalidade de fomentar e primar as substitucións entre letrados da Administración de xustiza, quedando o chamamento a letrados substitutos como algo excepcional. Trátase de profesionalizar a xustiza en todos os seus ámbitos e buscar unha redución importante no custo económico que supón o actual sistema.

Finalmente, na vixente lei o réxime disciplinario dos secretarios xudiciais é o previsto por remisión no libro VI (resto de persoal ao servizo da Administración de xustiza), o que impedía unha adaptación ás peculiaridades propias da actuación destes. Por iso, incorpórase no libro de letrados da Administración de xustiza un réxime disciplinario propio en que, entre outros aspectos, se inclúe a sanción de multa para facilitar así a gradación das sancións que se imporán e se realiza unha referencia expresa ao principio de proporcionalidade entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.

A reforma incide tamén no ámbito da expurgación de documentos xudiciais xa tramitados e resoltos e cuxa conservación resulta innecesaria e xera un custo para a Administración. Ben que a expurgación de arquivos xudiciais é unha cuestión xa recollida na lei orgánica, dótase de maior eficacia o procedemento, de tal forma que a Administración poida proceder á destrución dos autos e expedientes xudiciais cando transcorresen seis anos desde a firmeza da resolución que de maneira definitiva puxese termo ao procedemento. Da regra xeral quedan excluídos, por unha parte, os expedientes da xurisdición penal, sometidos con carácter xeral a prazos máis longos de prescrición e, por outra, os expedientes que se determinen regulamentariamente en atención ao seu valor cultural, social ou histórico.

En todo caso, a destrución acordarase logo de concesión de audiencia ás partes por se están interesadas no detalle de documentos orixinais que presentasen ou queren exercer os dereitos que, nesta materia, lles outorga a lei.

X

En relación coas modificacións que se operan no libro VI, cabe destacar a incorporación da existencia da especialidade en Medicina Forense para o ingreso no corpo de médicos forenses, que se fará efectiva cando determine o Ministerio de Xustiza, unha vez que conclúan a súa formación as primeiras promocións que obtivesen praza polo sistema de residencia a través da correspondente convocatoria anual de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada. En paralelo, actualízanse as funcións destes profesionais e adáptase o réxime dos institutos de medicina legal e ciencias forenses, como órganos técnicos adscritos ao Ministerio de Xustiza ou ás comunidades autónomas con competencia na materia, e que teñen a misión de auxiliar a Administración de xustiza no ámbito da súa disciplina científica e técnica.

Tamén se establece como novidade que os institutos de medicina legal e ciencias forenses contarán con unidades de valoración forense integral, das cales poderán formar parte os psicólogos e traballadores sociais que se determinen para garantir, entre outras funcións, a asistencia especializada ás vítimas de violencia de xénero e doméstica, menores, familia e persoas con discapacidade. Así mesmo, dentro destes institutos poderase integrar o resto de profesionais que forman parte dos denominados equipos psicosociais, isto é psicólogos, traballadores sociais e educadores sociais, que prestan servizos á Administración de xustiza, incluíndo os equipos técnicos de menores; con todo iso refórzase e garántese a súa actuación.

Igualmente importante é a atribución da condición de axente da autoridade aos membros do corpo de xestión procesual cando realicen funcións de documentación en embargos, lanzamentos e demais actos cuxa natureza o requira.

Dentro do mesmo libro VI introdúcense determinadas modificacións adicionais no réxime estatutario do resto dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza.

XI

En canto ao libro VII, inclúense os graduados sociais como profesionais que, ao prestaren a representación técnica no ámbito social, poden actuar como colaboradores da Administración de xustiza.

XII

Como complemento ao articulado introdúcense seis disposicións adicionais, nove transitorias e dez derradeiras.

Entre as disposicións derradeiras, destacan a disposición derradeira cuarta, que modifica a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para adaptala ás novas disposicións da Lei orgánica do poder xudicial en relación coa información sobre o estado das actuacións xudiciais, a publicidade das sentenzas e a execución de sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, e a disposición derradeira terceira, que modifica a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no relativo ao recurso de casación nesta orde xurisdiccional.

Neste ámbito, e coa finalidade de intensificar as garantías na protección dos dereitos dos cidadáns, a lei opta por reforzar o recurso de casación como instrumento por excelencia para asegurar a uniformidade na aplicación xudicial do dereito. Desta forma, o recurso de casación poderá ser admitido a trámite cando, invocada unha concreta infracción do ordenamento xurídico, tanto procesual como substantiva, ou da xurisprudencia, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo estime que o recurso presenta interese casacional obxectivo para a formación de xurisprudencia.

Coa finalidade de que a casación non se converta nunha terceira instancia, senón que cumpra estritamente a súa función nomofiláctica, deséñase un mecanismo de admisión dos recursos baseado na descrición dos supostos en que un asunto poderá acceder ao Tribunal Supremo por concorrer un interese casacional. Así, a Sala de Casación poderá apreciar que en determinados casos existe interese casacional obxectivo, motivándoo

expresamente no auto de admisión. O recurso deberá ser admitido en determinados supostos en que existe a presunción de que existe interese casacional obxectivo.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«2. Os órganos da xurisdición militar, integrante do poder xudicial do Estado, basean a súa organización e funcionamento no principio de unidade xurisdicional e administran xustiza no ámbito estritamente castrense e, de ser o caso, nas materias que estableza a declaración do estado de sitio, de acordo coa Constitución e co disposto nas leis penais, procesuais e disciplinarias militares.»

Dous. Engádesse un novo artigo 4 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 4 bis.

1. Os xuíces e tribunais aplicarán o dereito da Unión Europea de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

2. Cando os tribunais decidan propor unha cuestión prexudicial europea farano de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e, en todo caso, mediante auto, logo de audiencia das partes.»

Tres. Engádesse un novo artigo 5 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 5 bis.

Poderase interpor recurso de revisión ante o Tribunal Supremo contra unha resolución xudicial firme, consonte as normas procesuais de cada orde xurisdicional, cando o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarase que a dita resolución foi ditada en violación dalgún dos dereitos recoñecidos no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais e os seus protocolos, sempre que a violación, pola súa natureza e gravidade, entrañe efectos que persistan e non poidan cesar de ningún outro modo que non sexa mediante esta revisión.»

Catro. Modifícase o artigo 21, que queda redactado como segue:

«Artigo 21.

1. Os tribunais civís españois coñecerán das pretensións que se susciten en territorio español consonte o establecido nos tratados e convenios internacionais en que España sexa parte, nas normas da Unión Europea e nas leis españolas.

2. Non obstante, non coñecerán das pretensións formuladas respecto de suxeitos ou bens que gocen de inmunidade de xurisdición ou de execución de conformidade coas normas do dereito internacional público.»

Cinco. Modifícase o artigo 22, que queda redactado como segue:

«Artigo 22.

Con carácter exclusivo, os tribunais españois serán competentes, en todo caso e con preferencia de calquera outro, para coñecer das pretensións relativas ás seguintes materias:

a) Dereitos reais e arrendamentos de bens inmobles que estean en España. Non obstante, en materia de contratos de arrendamento de bens inmobles subscritos para un uso particular durante un prazo máximo de seis meses

consecutivos, serán igualmente competentes os órganos xurisdicionais españois se o demandado está domiciliado en España, sempre que o arrendatario sexa unha persoa física e que este e o propietario estean domiciliados no mesmo Estado.

b) Constitución, validez, nulidade ou disolución de sociedades ou persoas xurídicas que teñan o seu domicilio en territorio español, así como respecto dos acordos e decisións dos seus órganos.

c) Validez ou nulidade das inscricións practicadas nun rexistro español.

d) Inscricións ou validez de patentes, marcas, deseños ou debuxos e modelos e outros dereitos sometidos a depósito ou rexistro, cando se solicitase ou efectuase en España o depósito ou o rexistro.

e) Recoñecemento e execución en territorio español de sentenzas e demais resolucións xudiciais, decisións arbitrais e acordos de mediación ditados no estranxeiro.»

Seis. Engádesse un novo artigo 22 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 22 bis.

1. Naquelas materias en que unha norma expresamente o permita, os tribunais españois serán competentes cando as partes, con independencia do seu domicilio, se sometesen expresa ou tacitamente a eles. Non producirán efectos os acordos que atribúan a competencia aos tribunais españois nin as estipulacións similares incluídas nun contrato se son contrarios ao establecido nos artigos 22 quáter, 22 quinquies, 22 sexies e 22 septies, ou se exclúen a competencia dos órganos xudiciais españois exclusivamente competentes conforme o establecido no artigo 22, caso en que se observará o establecido nos ditos preceptos.

A submisión aos tribunais españois nas materias previstas nas letras d) e e) do artigo 22 quinquies só será válida se se fundamenta nun acordo de submisión posterior a que xurda a controversia, ou ambos contratantes teñen xa o seu domicilio ou residencia habitual en España no momento de celebración do contrato ou o demandante é o consumidor, asegurado ou tomador do seguro.

2. Entenderase por acordo de submisión expresa aquel pacto polo cal as partes deciden atribuír aos tribunais españois o coñecemento de certas ou todas as controversias que xurdisen ou poidan xurdir entre elas respecto dunha determinada relación xurídica, contractual ou non contractual. A competencia establecida por submisión expresa estenderase á propia validez do acordo de submisión.

O acordo de submisión expresa deberá constar por escrito, nunha cláusula incluída nun contrato ou nun acordo independente, ou verbalmente con confirmación escrita, así como nalgunha forma que se axuste aos hábitos que as partes teñan establecidos entre elas, ou no comercio internacional sexa conforme os usos que as partes coñezan ou deban coñecer e que, no dito comercio, sexan amplamente coñecidos e regularmente observados polas partes nos contratos do mesmo tipo no sector comercial considerado. Entenderase que media acordo escrito cando resulte dunha transmisión efectuada por medios electrónicos que proporcione un rexistro duradeiro.

Considerarase igualmente que hai acordo escrito cando estea consignado nun intercambio de escritos de demanda e contestación dentro do proceso iniciado en España nos cales a existencia do acordo sexa afirmada por unha parte e non negada pola outra.

3. Con independencia dos casos en que a súa competencia resulte doutras disposicións, serán competentes os tribunais españois cando compareza ante eles o demandado. Esta regra non será de aplicación se a comparecencia ten por obxecto impugnar a competencia.»

Sete. Engádesse un novo artigo 22 ter, que queda redactado como segue:

«Artigo 22 ter.

1. En materias distintas ás recollidas nos artigos 22, 22 sexies e 22 septies e se non media submisión aos tribunais españois de conformidade co artigo 22 bis, estes resultarán competentes cando o demandado teña o seu domicilio en España ou cando así veña determinado por calquera dos foros establecidos nos artigos 22 quáter e 22 quinquies.

2. Entenderase, para os efectos deste artigo, que unha persoa física está domiciliada en España cando teña nela a súa residencia habitual.

Entenderase que unha persoa xurídica está domiciliada en España cando radique nela a súa sede social, o seu centro de administración ou administración central ou o seu centro de actividade principal.

3. En caso de pluralidade de demandados, serán competentes os tribunais españois cando ao menos un deles teña o seu domicilio en España, sempre que se exerza unha soa acción ou varias entre as cales exista un nexa por razón do título ou causa de pedir que aconsellen a súa acumulación.

4. Non obstante, a competencia establecida conforme o disposto no punto 1 deste artigo poderá ser excluída mediante un acordo de elección de foro a favor dun tribunal estranxeiro. En tal caso, os tribunais suspenderán o procedemento e só poderán coñecer da pretensión deducida no suposto de que os tribunais estranxeiros designados declinasen a súa competencia.

5. Non terá efecto a exclusión da competencia dos tribunais españois naquelas materias en que non cabe submisión a eles.»

Oito. Engádesse un novo artigo 22 quáter, que queda redactado como segue:

«Artigo 22 quáter.

Na falta dos criterios anteriores, os tribunais españois serán competentes:

a) En materia de declaración de ausencia ou falecemento, cando o desaparecido tivese o seu último domicilio en territorio español ou tivese nacionalidade española.

b) En materia relacionada coa capacidade das persoas e as medidas de protección das persoas maiores de idade ou dos seus bens, cando estes tivesen a súa residencia habitual en España.

c) En materia de relacións persoais e patrimoniais entre cónxuxes, nulidade matrimonial, separación e divorcio e as súas modificacións, sempre que ningún outro tribunal estranxeiro teña competencia, cando ambos os cónxuxes posúan residencia habitual en España no tempo da interposición da demanda ou cando tivesen en España a súa última residencia habitual e un deles resida alí, ou cando España sexa a residencia habitual do demandado ou, en caso de demanda de mutuo acordo, cando en España resida un dos cónxuxes, ou cando o demandante leve ao menos un ano de residencia habitual en España desde a interposición da demanda, ou cando o demandante sexa español e teña a súa residencia habitual en España ao menos seis meses antes da interposición da demanda, así como cando ambos os cónxuxes teñan nacionalidade española.

d) En materia de filiación e de relacións paterno-filiais, protección de menores e de responsabilidade parental, cando o fillo ou menor teña a súa residencia habitual en España ao tempo da interposición da demanda ou o demandante sexa español ou resida habitualmente en España ou, en todo caso, ao menos desde seis meses antes da presentación da demanda.

e) En materia de adopción, nos supostos regulados na Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.

f) En materia de alimentos, cando o acreedor ou o demandado destes teña a súa residencia habitual en España ou, se a pretensión de alimentos se formula como accesoria a unha cuestión sobre o estado civil ou dunha acción de responsabilidade parental, cando os tribunais españois fosen competentes para coñecer desta última acción.

g) En materia de sucesións, cando o causante tivese a súa última residencia habitual en España ou cando os bens se encontren en España e o causante fose español no momento do falecemento. Tamén serán competentes cando as partes se sometesen aos tribunais españois, sempre que fose aplicable a lei española á sucesión. Cando ningunha xurisdición estranxeira sexa competente, os tribunais españois serano respecto dos bens da sucesión que se encontren en España.»

Nove. Engádese un novo artigo 22 quinquies, que queda redactado como segue:

«Artigo 22 quinquies.

Así mesmo, na falta de submisión expresa ou tácita e aínda que o demandado non teña o seu domicilio en España, os tribunais españois serán competentes:

a) En materia de obrigacións contractuais, cando a obrigación obxecto da demanda se cumprise ou se deba cumprir en España.

b) En materia de obrigacións extracontractuais, cando o feito danoso se producise en territorio español.

c) Nas accións relativas á explotación dunha sucursal, axencia ou establecemento mercantil, cando este se encontre en territorio español.

d) En materia de contratos celebrados por consumidores, estes poderán litigar en España se teñen a súa residencia habitual en territorio español ou se o ten a outra parte contratante; esta última só poderá litigar en España se o consumidor ten a súa residencia habitual en territorio español.

e) En materia de seguros, cando o asegurado, tomador ou beneficiario do seguro teña o seu domicilio en España; tamén poderá o asegurador ser demandado ante os tribunais españois se o feito danoso se produce en territorio español e se trata dun contrato de seguro de responsabilidade ou de seguro relativo a inmobles, ou, tratándose dun seguro de responsabilidade civil, se os tribunais españois son competentes para coñecer da acción interposta polo prexudicado contra o asegurado en virtude do disposto na letra b) deste artigo.

f) Nas accións relativas a dereitos reais sobre bens mobles, se estes se encontran en territorio español no tempo da interposición da demanda.

Respecto aos supostos previstos nas letras d) e e), tamén serán competentes os tribunais españois cando o consumidor, asegurado ou tomador do seguro sexa demandante e as partes acordasen a submisión aos tribunais españois despois de xurdir a controversia, ou ambos os contratantes tivesen xa o seu domicilio en España no momento de celebración do contrato ou o demandante fose o consumidor, asegurado ou tomador do seguro.»

Dez. Engádese un novo artigo 22 sexies, que queda redactado como segue:

«Artigo 22 sexies.

Os tribunais españois serán competentes cando se trate de adoptar medidas provisionais ou de aseguramento respecto de persoas ou bens que se achen en territorio español e deban cumprirse en España. Serán tamén competentes para adoptar estas medidas se o son para coñecer do asunto principal.»

Once. Engádesse un novo artigo 22 septies, que queda redactado como segue:

«Artigo 22 septies.

En materia concursal e demais procedementos de insolvencia aplicarase o que dispoña a súa lexislación reguladora.»

Doce. Engádesse un novo artigo 22 octies, que queda redactado como segue:

«Artigo 22 octies.

1. Non serán competentes os tribunais españois naqueles casos en que os foros de competencia previstos nas leis españolas non prevexan a dita competencia.

2. Os tribunais españois apreciarán, de oficio ou por instancia de parte, a súa competencia de conformidade coas normas vixentes e coas circunstancias concorrentes no momento de presentación da demanda, e o proceso tramitarase até a súa conclusión aínda que as ditas normas ou circunstancias fosen modificadas con posterioridade, salvo que expresamente se determine o contrario.

3. Os tribunais españois declararanse incompetentes se a súa competencia non está fundada nas disposicións das leis españolas, de conformidade co previsto nas leis procesuais.

Os tribunais españois non poderán absterse ou declinar a súa competencia cando o suposto litixioso presente vinculación con España e os tribunais dos distintos Estados conectados co suposto declinasen a súa competencia. Tampouco o poderán facer cando se trate do recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais, decisións arbitrais e acordos de mediación ditados polos tribunais estranxeiros.»

Trece. Engádesse un novo artigo 22 nonies, que queda redactado como segue:

«Artigo 22 nonies.

As excepcións de litispendencia e de conexidade internacionais alegaranse e tramitaranse consonte as normas xerais que regulen as leis procesuais.»

Catorce. Modifícase o artigo 35, que queda redactado como segue:

«Artigo 35.

1. A demarcación xudicial, que determinará a circunscrición territorial dos órganos xudiciais, establecerase por lei ou, nos casos expresamente previstos nesta norma, por real decreto.

2. Para tal fin, as comunidades autónomas participarán na organización da demarcación xudicial dos seus territorios respectivos e remitirán ao Goberno, por solicitude deste, unha proposta desta na cal fixarán os partidos xudiciais.

3. O Ministerio de Xustiza, vistas as propostas das comunidades autónomas, redactará a correspondente disposición normativa, que será sometida a informe do Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo de dous meses.

4. Unha vez emitidos os precitados informes, o Goberno procederá á tramitación do oportuno proxecto normativo.

5. A demarcación xudicial será revisada cada cinco anos ou antes se as circunstancias o aconsellan, mediante lei elaborada conforme o procedemento anteriormente establecido.

6. As comunidades autónomas, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, determinarán, por lei, a capitalidade dos partidos xudiciais.»

Quince. Engádese un novo artigo 61 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 61 bis.

1. Ao servizo do Tribunal Supremo existirá un gabinete técnico, que asistirá a presidencia e as súas diferentes salas nos procesos de admisión dos asuntos de que coñezan e mediante a elaboración dos estudos e informes que se lle soliciten. Tamén prestará apoio ás salas especiais no despacho de asuntos que lles estean atribuídos.

2. O gabinete técnico estará integrado por un director e por membros da carreira xudicial e outros xuristas que terán a denominación de letrados do gabinete técnico.

3. Para os efectos anteriores, no gabinete técnico existirán tantas áreas como ordes xurisdicionais. Dentro de cada área poderá existir unha sección de admisión e outra sección de estudos e informes. Na Sala Quinta do Militar poderá haber un letrado do gabinete técnico.

Os letrados prestarán os seus servizos nas diferentes áreas atendendo á súa especialización profesional.

4. En cada unha das áreas haberá un ou varios letrados do gabinete técnico que asuman funcións de coordinación dos membros do gabinete que formen parte dela. Serán designados polo presidente do Tribunal Supremo, preferentemente de entre os letrados que pertencen á carreira xudicial, e deberán ter unha antigüidade mínima de dez anos no exercicio da súa respectiva profesión.

5. O Ministerio de Xustiza, oída a Sala de Goberno do Tribunal Supremo e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, determinará a composición e o cadro de persoal do gabinete técnico.

Excepcionalmente, por razóns conxunturais e debidamente xustificadas, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e oída a Sala de Goberno do Tribunal Supremo, o Ministerio de Xustiza poderá adscribir temporalmente, co límite máximo dun ano, un número adicional de membros ao servizo do gabinete técnico.»

Dezaseis. Engádese un novo artigo 61 ter, que queda redactado como segue:

«Artigo 61 ter.

A superior dirección do gabinete técnico será exercida polo presidente do Tribunal Supremo ou, en caso de delegación deste, polo vicepresidente do Tribunal Supremo.»

Dezasete. Engádese un novo artigo 61 quáter, que queda redactado como segue:

«Artigo 61 quáter.

1. O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial nomeará o director do gabinete técnico, por proposta vinculante do presidente do Tribunal Supremo, que deberá acreditar os requisitos legalmente exixidos para poder acceder á categoría de maxistrado do Tribunal Supremo e que terá esta consideración, para efectos representativos, mentres desempeñe o cargo.

2. Os letrados que deban prestar servizo no gabinete técnico serán seleccionados mediante concurso de méritos. No anuncio da convocatoria estableceranse os criterios de selección.

Os letrados que non pertencen á carreira xudicial ou fiscal deberán ser funcionarios do corpo de letrados da Administración de xustiza ou funcionarios das administracións públicas ou órganos constitucionais, con titulación en dereito, pertencentes a corpos do subgrupo A1 ou asimilados.

A Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial realizará a convocatoria por proposta do presidente do Tribunal Supremo, quen oír

previamente, para os efectos de fixar os criterios de selección, a Sala de Goberno do dito tribunal.

3. O presidente do Tribunal Supremo, oídos os presidentes de sala e o director do gabinete técnico, someterá á Sala de Goberno, para a súa aprobación, a proposta de candidatos para cubrir as prazas de letrado do gabinete técnico.

4. O presidente do Tribunal Supremo elevará ao Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial a proposta da Sala de Goberno do Tribunal Supremo para que proceda ao nomeamento dos que vaian ocupar as prazas de letrado do gabinete técnico.»

Dezaioito. Engádesse un novo artigo 61 quinquies, que queda redactado como segue:

«Artigo 61 quinquies.

1. Os letrados que sexan seleccionados serán nomeados por un ano. Unha vez cumprido ese prazo, o presidente do Tribunal Supremo, oídos o presidente de sala respectivo e o director do gabinete técnico, propondrá, de ser o caso, a prórroga na praza, de conformidade co procedemento establecido para o nomeamento inicial. Os letrados poderán ser prorrogados por sucesivos períodos de tres anos. Sen prexuízo do anterior, os letrados poderán ser cesados polo presidente do Tribunal Supremo por incumprimento grave dos deberes da súa función.

2. O director do gabinete técnico e os letrados serán declarados en situación administrativa de servizos especiais na carreira ou corpo de procedencia.

3. Para os efectos do cómputo da antigüidade na carreira xudicial, aos xuíces ou maxistrados que ocupen praza de letrado no gabinete técnico teránselles en conta os servizos prestados na orde xurisdicional correspondente á área do gabinete técnico en que estivesen adscritos.

Esta previsión será tamén de aplicación, para os efectos do cómputo da antigüidade no corpo, aos letrados da Administración de xustiza que ocupen praza de letrado no gabinete técnico.»

Dezanove. Engádesse un novo artigo 61 sexies, que queda redactado como segue:

«Artigo 61 sexies.

A Sala de Goberno, por proposta do presidente do Tribunal Supremo, aprobará as normas de funcionamento do gabinete técnico.»

Vinte. Modifícase o punto 6 do artigo 73, que queda redactado como segue:

«6. No caso de que o número de asuntos o aconselle, poderán crearse unha ou máis seccións e incluso Sala do Penal coa súa propia circunscrición territorial naquelas capitais que xa sexan sedes doutras salas do Tribunal Superior, para os únicos efectos de coñecer os recursos de apelación a que se refire a letra c) do punto 3 deste artigo e aquelas outras apelacións atribuídas polas leis ao Tribunal Superior de Xustiza.

Os nomeamentos para maxistrados destas seccións ou salas, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, recaerán naqueles maxistrados que, tendo a condición de especialistas na orde penal obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto na súa escala. Na falta destes, recaerá naqueles maxistrados que, tendo prestado os seus servizos na orde xurisdicional penal durante dez anos dentro dos quince anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria, teñan mellor posto na escala. A antigüidade en órganos mixtos computarase de igual maneira para estes efectos. Na súa falta, será nomeado quen teña mellor posto na escala.»

Vinte e un. Modifícase o ordinal 2.º do punto 2 do artigo 82, que queda redactado como segue:

«2.º Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións ditadas en primeira instancia polos xulgados do mercantil, salvo as que se diten en incidentes concursais que resolvan cuestións de materia laboral. Para tal fin deberanse especializar unha ou varias das súas seccións, de conformidade co previsto no artigo 98 da presente lei orgánica. Estas seccións especializadas coñecerán tamén dos recursos que estableza a lei contra as resolucións ditadas polos xulgados de primeira instancia nos procedementos relativos a concursos de persoas físicas e a accións individuais relativas a condicións xerais da contratación.»

Vinte e dous. Engádesse un novo punto 6 ao artigo 85, que queda redactado como segue:

«6. Dos concursos de persoa natural que non sexa empresaria nos termos previstos na súa lei reguladora.»

Vinte e tres. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 86 ter, que quedan redactados como segue:

«1. Os xulgados do mercantil coñecerán de cantas cuestións se susciten en materia concursal, nos termos previstos na súa lei reguladora e sen prexuízo do disposto no artigo 85.6. En todo caso, a xurisdición do xuíz do concurso será exclusiva e excluínate nas seguintes materias:

1.º As accións civís con transcendencia patrimonial que se dirixan contra o patrimonio do concursado, con excepción das que se exerzan nos procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores a que se refire o título I do libro IV da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. Co mesmo alcance coñecerá da acción a que se refire o artigo 17.1 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2.º As accións sociais que teñan por obxecto a extinción, modificación ou suspensión colectivas dos contratos de traballo en que sexa empregador o concursado, así como a suspensión ou extinción de contratos de alta dirección, sen prexuízo de que cando estas medidas supoñan modificar as condicións establecidas en convenio colectivo aplicable a estes contratos se requirirá o acordo dos representantes dos traballadores. No axuízamento destas materias, e sen prexuízo da aplicación das normas específicas da Lei concursal, deberán terse en conta os principios inspiradores da ordenación normativa estatutaria e do proceso laboral.

3.º Toda execución fronte aos bens e dereitos de contido patrimonial do concursado, calquera que sexa o órgano que a ordenase.

4.º Toda medida cautelar que afecte o patrimonio do concursado, excepto as que se adopten nos procesos civís que quedan excluídos da súa xurisdición no ordinal 1.º e sen prexuízo das medidas cautelares que poidan decretar os árbitros durante un procedemento arbitral.

5.º As que no procedemento concursal debe adoptar en relación coa asistencia xurídica gratuíta.

6.º As accións tendentes a exixir responsabilidade civil aos administradores sociais, aos auditores ou, de ser o caso, aos liquidadores, polos prexuízos causados ao concursado durante o procedemento.

2. Os xulgados do mercantil coñecerán, así mesmo, de cantas cuestións sexan da competencia da orde xurisdicional civil, respecto:

a) Das demandas en que se exerzan accións relativas a competencia desleal, propiedade industrial, propiedade intelectual e publicidade, así como todas aquelas cuestións que dentro desta orde xurisdicional se promovan ao abeiro da normativa reguladora das sociedades mercantís e cooperativas.

b) Das pretensións que se promovan ao abeiro da normativa en materia de transportes, nacional ou internacional.

c) Daquelas pretensións relativas á aplicación do dereito marítimo.

d) Das accións colectivas previstas na lexislación relativa a condicións xerais da contratación e á protección de consumidores e usuarios.

e) Dos recursos contra as resolucións da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia de recurso contra a cualificación do rexistrador mercantil, consonte o disposto na Lei hipotecaria para este procedemento.

f) Dos procedementos de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e o seu dereito derivado, así como os procedementos de aplicación dos artigos que determine a Lei de defensa da competencia.»

Vinte e catro. Modifícase o punto 2 do artigo 87 bis, que queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do previsto na lexislación vixente sobre demarcación e planta xudicial, o Goberno, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e, de ser o caso, con informe da comunidade autónoma con competencias en materia de xustiza, poderá establecer mediante real decreto que os xulgados de violencia sobre a muller que se determinen estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia.»

Vinte e cinco. Modifícanse as letras a) e d) e engádesse unha nova letra g) ao punto 1 do artigo 87 ter, que quedan redactadas como segue:

«a) Da instrución dos procesos para exixir responsabilidade penal polos delitos recollidos nos títulos do Código penal relativos a homicidio, aborto, lesións, lesións ao feto, delitos contra a liberdade, delitos contra a integridade moral, contra a liberdade e indemnidade sexuais, contra a intimidade e o dereito á propia imaxe, contra a honra ou calquera outro delito cometido con violencia ou intimidación, sempre que se cometesen contra quen sexa ou fose a súa esposa ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por análoga relación de afectividade, mesmo sen convivencia, así como dos cometidos sobre os descendentes, propios ou da esposa ou convivente, ou sobre os menores ou persoas coa capacidade modificada xudicialmente que con el convivan ou que estean suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito da esposa ou convivente, cando tamén se producise un acto de violencia de xénero.»

«d) Do coñecemento e fallo dos delitos leves que lles atribúa a lei cando a vítima sexa algunha das persoas sinaladas como tales na letra a) deste punto.»

«g) Da instrución dos procesos para exixir responsabilidade penal polo delito de quebrantamento previsto e penado no artigo 468 do Código penal cando a persoa ofendida polo delito cuxa condena, medida cautelar ou medida de seguridade se quebrantase sexa ou fose a súa esposa ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade, mesmo sen convivencia, así como os descendentes, propios ou da esposa ou convivente, ou sobre os menores ou persoas coa capacidade modificada xudicialmente que con el convivan ou que estean suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito da esposa ou convivente.»

Vinte e seis. Modifícase o artigo 98, que queda redactado como segue:

«Artigo 98.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, logo de informe das salas de goberno, que naquelas circunscricións onde exista máis dun xulgado da mesma clase un ou varios deles asuman con carácter exclusivo o coñecemento de determinadas clases de asuntos, ou das execucións propias da orde xurisdiccional

de que se trate, sen prexuízo dos labores de apoio que poidan prestar os servizos comúns que para o efecto se constituán.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar de maneira excepcional e polo tempo que se determine, con informe favorable do Ministerio de Xustiza, oída a Sala de Goberno e, de ser o caso, a comunidade autónoma con competencias en materia de xustiza, que un ou varios xulgados da mesma provincia e da mesma orde xurisdiccional asuman o coñecemento de determinadas clases ou materias de asuntos e, de ser o caso, das execucións que deles dimanen, sen prexuízo dos labores de apoio que poidan prestar os servizos comúns constituídos ou que se constituán.

Nestes casos, o órgano ou órganos especializados asumirán a competencia para coñecer de todos aqueles asuntos que sexan obxecto de tal especialización, mesmo cando o seu coñecemento inicial estivese atribuído a órganos radicados en distinto partido xudicial.

Non se poderá adoptar este acordo para atribuír aos órganos así especializados asuntos que por disposición legal estivesen atribuídos a outros de diferente clase. Tampouco poderán ser obxecto de especialización por esta vía os xulgados de instrución, sen prexuízo de calquera outra medida de exención de repartición ou de reforzo que sexa necesario adoptar por necesidades do servizo.

3. Este acordo publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o inicio do ano seguinte a aquel en que se adopte, salvo que razoadamente se xustifique outro momento anterior por razóns de urxencia.

4. Os xulgados afectados continuarán coñecendo de todos os procesos pendentes ante eles até a súa conclusión.»

Vinte e sete. Suprímese o artigo 163.

Vinte e oito. Modifícase o artigo 167, que queda redactado como segue:

«Artigo 167.

1. Onde haxa dous ou máis xulgados da mesma orde xurisdiccional, os asuntos distribuiranse entre eles conforme normas de repartición prefixadas. As normas de repartición aprobaraas a Sala de Goberno do Tribunal Superior de xustiza, por proposta da xunta de xuíces da respectiva orde xurisdiccional. Por solicitude do interesado, a xunta de xuíces poderá propor que se libere, total ou parcialmente, un xuíz da repartición de asuntos, por tempo limitado, cando a boa administración de xustiza o faga necesario. O acordo trasladarase á Sala de Goberno para que esta, se o entende pertinente, proceda á súa aprobación. As modificacións que se adopten nas normas de repartición non poderán afectar os procedementos en trámite.

2. A Sala de Goberno poderá acordar as modificacións precisas nas normas de repartición dos xulgados do mercantil, do penal, de menores, de vixilancia penitenciaria, do contencioso-administrativo ou do social, para equilibrar a distribución de asuntos que por materia lle corresponden a cada un deles segundo a súa clase, mesmo cando algún tivese atribuído, por disposición legal ou por acordo do Pleno do propio Consello Xeral do Poder Xudicial, o despacho de asuntos da súa competencia a unha circunscrición de ámbito inferior á provincia.

3. A repartición realizaraa o letrado da Administración de xustiza baixo a supervisión do xuíz decano, ao cal corresponderá resolver con carácter governativo interno as cuestións que se presenten e corraxir as irregularidades que se poidan producir, adoptando as medidas necesarias e promovendo, de ser o caso, a existencia das responsabilidades que procedan.»

Vinte e nove. Modifícase o punto 2 do artigo 199, que queda redactado como segue:

«2. Na Audiencia Nacional, cando non asistan maxistrados en número suficiente para constituír sala, concorrerán para completala outros maxistrados que

designe o presidente da sala ou, de ser o caso, do tribunal, consonte unha quenda en que serán preferidos os que se estean libres de sinalamento e, entre estes, os máis modernos. Na súa falta, chamarase un maxistrado suplente de conformidade co previsto no punto 2 do artigo seguinte.»

Trinta. Suprímense os puntos 4 e 5 e modifícase o punto 2 do artigo 200, que queda redactado como segue:

«2. Para os efectos do previsto no artigo anterior poderá haber na Audiencia Nacional, nos tribunais superiores de xustiza e nas audiencias provinciais unha relación de maxistrados suplentes non integrantes da carreira xudicial, que serán chamados a formar sala segundo a prelación que se estableza dentro de cada orde ou ordes xurisdiccionais para as cales fosen nomeados.

Para o seu chamamento deberase respectar a dispoñibilidade orzamentaria e a prioridade establecida no artigo anterior, sen que nunca poida concorrer a formar sala máis dun maxistrado suplente.»

Trinta e un. Engádese un punto 4 ao artigo 216 bis.3, coa seguinte redacción:

«4. Excepcionalmente, cando as peculiaridades do reforzo impidan que a comisión de servizo poida ser atendida por un único xuíz durante toda a súa extensión temporal, o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá autorizar que o seu desempeño o realicen aqueles que participen voluntariamente nos plans de substitución do órgano xudicial que deba ser reforzado, con suxeición á secuencia de chamamento entre eles que o propio Consello Xeral do Poder Xudicial estableza.»

Trinta e dous. Modifícase o artigo 230, que queda redactado como segue:

«1. Os xulgados e tribunais e as fiscalías están obrigados a utilizar calquera medio técnico, electrónico, informático e telemático, posto á súa disposición para o desenvolvemento da súa actividade e exercicio das súas funcións, coas limitacións que para utilizar tales medios establecen o capítulo I bis deste título, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as demais leis que resulten de aplicación.

As instrucións xerais ou singulares de uso das novas tecnoloxías que o Consello Xeral do Poder Xudicial ou a Fiscalía Xeral do Estado dirixan aos xuíces e maxistrados ou aos fiscais, respectivamente, determinando a súa utilización, serán de obrigado cumprimento.

2. Os documentos emitidos polos medios anteriores, calquera que sexa o seu soporte, gozarán da validez e eficacia dun documento orixinal sempre que quede garantida a súa autenticidade, a integridade e o cumprimento dos requisitos exixidos polas leis procesuais.

3. As actuacións orais e vistas gravadas e documentadas en soporte dixital non se poderán transcribir.

4. Os procesos que se tramiten con soporte informático garantirán a identificación e o exercicio da función xurisdiccional por parte do órgano que a exerce, así como a confidencialidade, a privacidade e a seguridade dos datos de carácter persoal que conteñan nos termos que estableza a lei.

5. As persoas que demanden a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses poderanse relacionar coa Administración de xustiza a través dos medios técnicos a que se refire o punto 1 cando sexan compatibles cos que dispoñan os xulgados e os tribunais e se respecten as garantías e os requisitos previstos no procedemento que se trate.

6. Os programas e aplicacións informáticas que se utilicen na Administración de xustiza deberán contar co informe previo do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Os sistemas informáticos que se utilicen na Administración de xustiza deberán ser compatibles entre si para facilitar a súa comunicación e integración, nos termos que determine o Comité Técnico Estatal da Administración de Xustiza Electrónica.»

Trinta e tres. Modifícase o punto 2 e engádese un punto 3 ao artigo 232, que quedarán redactados como segue:

«2. Deberase publicar a relación de sinalamentos do órgano xudicial. Os letrados da Administración de xustiza velarán por que os funcionarios competentes da oficina xudicial publiquen nun lugar visible ao público, o primeiro día hábil de cada semana, a relación de sinalamentos correspondentes ao seu respectivo órgano xudicial, con indicación da data e hora da súa celebración, do tipo de actuación e do número de procedemento.

3. Excepcionalmente, por razóns de orde pública e de protección dos dereitos e liberdades, os xuíces e tribunais, mediante resolución motivada, poderán limitar o ámbito da publicidade e acordar o carácter secreto de todas ou parte das actuacións.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 234, que queda redactado como segue:

«Artigo 234.

1. Os letrados da Administración de xustiza e funcionarios competentes da oficina xudicial facilitarán aos interesados canta información soliciten sobre o estado das actuacións xudiciais, que poderán examinar e coñecer, salvo que sexan ou fosen declaradas secretas ou reservadas conforme a lei.

2. As partes e calquera persoa que acredite un interese lexítimo e directo terán dereito a obter, na forma disposta nas leis procesuais e, de ser o caso, na Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza, copias simples dos escritos e documentos que consten nos autos, non declarados secretos nin reservados. Tamén terán dereito a que se lles expidan os testemuños e certificados nos casos e a través da canle establecida nas leis procesuais.»

Trinta e cinco. Engádese un novo artigo 235 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 235 bis.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 236 quinquies e das restricións que, de ser o caso, se poidan establecer nas leis procesuais, o acceso ao texto das sentenzas, ou a determinados aspectos delas, ou a outras resolucións ditadas no seo do proceso, só se poderá levar a cabo logo de disociación dos datos de carácter persoal que conteñan e con pleno respecto ao dereito á intimidade, aos dereitos das persoas que requiran un especial deber de tutela ou á garantía do anonimato das vítimas ou prexudicados, cando proceda.

En todo caso, adoptaranse as medidas necesarias para evitar que as sentenzas e o resto de resolucións ditadas no seo do proceso poidan ser usadas con fins contrarios ás leis.»

Trinta e seis. Engádese un novo capítulo I bis no título III do libro III, que comprende os artigos 236 bis a 236 decies e queda redactado como segue:

«CAPÍTULO I BIS

Protección de datos de carácter persoal no ámbito da Administración de xustiza

Artigo 236 bis.

O tratamento de datos levado a cabo con ocasión da tramitación polos tribunais dos procesos de que sexan competentes, así como o realizado dentro da xestión da oficina xudicial, someteranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo das especialidades establecidas no presente capítulo.

Artigo 236 ter.

1. Os tribunais poderán tratar datos de carácter persoal con fins xurisdicionais ou non xurisdicionais. No primeiro caso, o tratamento limitarase aos datos en canto se encontren incorporados aos procesos de que coñezan e a súa finalidade se relacione directamente co exercicio da potestade xurisdiccional.

2. Os tribunais manterán, con pleno respecto ás garantías e dereitos establecidos na normativa de protección de datos de carácter persoal, os ficheiros que resulten necesarios para a tramitación dos procesos que neles se seguen, así como os que se precisen para a súa adecuada xestión.

Estes ficheiros clasificaranse en xurisdicionais e non xurisdicionais atendendo á natureza do tratamento dos datos que os integran.

Artigo 236 quáter.

De conformidade co disposto no artigo 11.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, non será necesario o consentimento do interesado para que os tribunais procedan ao tratamento dos datos no exercicio da potestade xurisdiccional, xa sexan estes facilitados polas partes ou requiridos por solicitude do propio tribunal, sen prexuízo do disposto nas normas procesuais para a validez da proba.

Cando se trate de datos tratados con fins non xurisdicionais observarase o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Artigo 236 quinquies.

1. Os xuíces e tribunais e os letrados da Administración de xustiza conforme as súas competencias procesuais poderán adoptar as medidas que sexan necesarias para a supresión dos datos persoais dos documentos a que poidan acceder as partes durante a tramitación do proceso, sempre que non sexan necesarios para garantir o seu dereito á tutela xudicial efectiva.

Do mesmo modo procederán respecto do acceso das partes aos datos persoais que poidan conter as sentenzas e demais resolucións ditadas no seo do proceso, sen prexuízo da aplicación nos demais supostos do establecido no artigo 235 bis.

2. En todo caso será de aplicación o disposto na lexislación de protección de datos de carácter persoal ao tratamento que as partes leven a cabo dos datos que lles fosen revelados no desenvolvemento do proceso.

3. Poderán cederse ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Ministerio de Xustiza, no que proceda, os datos tratados con fins xurisdicionais que sexan estritamente necesarios para o exercicio das funcións de inspección e control establecidas nesta lei.

4. Os datos tratados con fins non xurisdicionais poderán cederse entre os órganos xurisdicionais ou por estes ao Consello Xeral do Poder Xudicial ou ao

Ministerio de Xustiza cando estea xustificado pola interposición dun recurso ou sexa necesario para o exercicio das competencias que teñan legalmente atribuídas.

Artigo 236 sexies.

1. Para os efectos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, será responsable dos ficheiros xurisdicionais o órgano xurisdicional ou oficina xudicial ante o cal se tramiten os procesos cuxos datos se incorporen ao ficheiro, e dentro del decidirá quen teña a competencia atribuída pola normativa vixente de acordo coa solicitude que se reciba do cidadán.

Igualmente, será responsable dos ficheiros non xurisdicionais a oficina xudicial correspondente ao órgano xudicial con que se relacionen os datos que a eles se incorporen.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria que poida corresponder a quen fose, de ser o caso, causante da comisión dunha infracción en materia de protección de datos de carácter persoal a que se refire o artigo 46.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

3. En todo caso corresponderá ao letrado da Administración de xustiza que se indique no acordo de creación velar pola adopción das medidas que impidan a alteración, perda, tratamento ou acceso non desexado aos datos de carácter persoal incorporados aos ficheiros, tanto xurisdicionais como non xurisdicionais, e terá a condición de responsable de seguridade para os efectos previstos na lexislación de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 236 septies.

1. Os ficheiros de datos de carácter persoal dos tribunais serán creados, modificados ou suprimidos por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial, adoptado por proposta da Sala de Goberno do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional ou do Tribunal Superior de Xustiza ou órgano da Administración competente en materia de xustiza correspondente.

O acordo de creación, de modificación ou de supresión dos ficheiros axustarase ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e, de ser o caso, nos diarios oficiais das comunidades autónomas.

2. Unha vez publicado o acordo, o Consello Xeral do Poder Xudicial dará traslado deste para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos da Axencia Española de Protección de Datos.

Artigo 236 octies.

1. As solicitudes de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en relación cos datos tratados con fins xurisdicionais tramitaranse conforme as normas que resulten de aplicación ao proceso en que os datos foron solicitados, e non serán de aplicación as disposicións establecidas para o efecto pola lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

En todo caso, denegarase o acceso aos datos obxecto de tratamento con fins xurisdicionais cando as dilixencias xudiciais en que se conseguise a información fosen declaradas secretas ou reservadas.

2. Tratándose de datos sometidos a tratamento con fins non xurisdicionais, os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, dirixindo a súa solicitude ante o funcionario competente para decidir conforme a normativa vixente que sexa responsable do ficheiro a que se refire o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 236 sexies.

Artigo 236 nonies.

1. As competencias que a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, atribúe á Axencia Española de Protección de Datos serán exercidas, respecto dos tratamentos efectuados con fins xurisdicionais e os ficheiros desta natureza, polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

2. Os tratamentos de datos levados a cabo con fins non xurisdicionais e os seus correspondentes ficheiros quedarán sometidos á competencia da Axencia Española de Protección de Datos. O Consello Xeral do Poder Xudicial prestaralle a colaboración que para o efecto precise.

O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá adoptar as medidas regulamentarias que considere necesarias para garantir o cumprimento, nos tratamentos de datos con fins non xurisdicionais e os ficheiros non xurisdicionais, das medidas de seguridade establecidas na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3. Cando con ocasión da realización de actuacións de investigación relacionadas coa posible comisión dunha infracción da normativa de protección de datos as autoridades competentes a que se refiren os dous puntos anteriores apreciasen a existencia de indicios que supoñan a competencia da outra autoridade darán inmediatamente traslado a esta última co fin de que prosiga coa tramitación do procedemento.

Artigo 236 decies.

1. Os tratamentos de datos levados a cabo polo Consello Xeral do Poder Xudicial no exercicio das súas competencias quedarán sometidos ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. Os ditos tratamentos non serán considerados en ningún caso realizados con fins xurisdicionais.

2. Os ficheiros de datos de carácter persoal do Consello Xeral do Poder Xudicial e dos órganos integrantes deste serán creados, modificados ou suprimidos por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial, por proposta da secretaría xeral, que terá a condición de responsable do tratamento respecto deles.

Unha vez publicado o acordo, o Consello Xeral do Poder Xudicial dará traslado deste para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos da Axencia Española de Protección de Datos.»

Trinta e sete. Modifícase o artigo 264, que queda redactado como segue:

«Artigo 264.

1. Os maxistrados das diversas seccións dunha mesma sala reuniranse para a unificación de criterios e a coordinación de prácticas procesuais, especialmente nos casos en que os maxistrados das diversas seccións dunha mesma sala ou tribunal sosteñan nas súas resolucións diversidade de criterios interpretativos na aplicación da lei en asuntos substancialmente iguais. Para eses efectos, o presidente da sala ou tribunal respectivo, por si ou por petición maioritaria dos seus membros, convocará pleno xurisdiccional para que coñeza dun ou varios deses asuntos, co obxecto de unificar o criterio.

2. Formarán parte deste pleno todos os maxistrados da sala correspondente que por repartición coñezan da materia en que a discrepancia se puxese de manifesto.

3. En todo caso, quedará a salvo a independencia das seccións para o axuizamento e resolución dos distintos procesos de que coñezan, ben que deberán motivar as razóns polas cales se aparten do criterio acordado.»

Trinta e oito. Modifícase o artigo 269, que queda redactado como segue:

«Artigo 269.

1. Os xulgados e tribunais só poderán celebrar xuízos ou vistas de asuntos fóra da poboación da súa sede cando así o autorice a lei.

2. Porén, o Consello Xeral do Poder Xudicial, cando as circunstancias ou o bo servizo da Administración de xustiza o aconsellen, e por petición das salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza, poderá dispor que os xulgados e as seccións ou salas dos tribunais ou audiencias se constitúan en poboación distinta da súa sede para despachar os asuntos correspondentes a un determinado ámbito territorial comprendido na circunscrición daqueles.

3. Igualmente, as salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza, logo de determinación do número de causas que xustifican os traslados dos tribunais fóra da súa sede e sempre que o seu desprazamento veña xustificado por unha mellor Administración de xustiza, disporán que os xuíces do penal, asistidos do letrado da Administración de xustiza, se constitúan para celebrar xuízos orais nas cidades onde teñan sede os xulgados que instrúsen as causas das cales lles corresponde coñecer. Os xulgados de instrución e os funcionarios que neles sirvan prestarán nestes casos tanta colaboración sexa precisa.»

Trinta e nove. Modifícase o artigo 276, que queda redactado como segue:

«Artigo 276.

As peticións de cooperación internacional tramitaranse de conformidade co previsto nos tratados internacionais, as normas da Unión Europea e as leis españolas que resulten de aplicación.»

Corenta. Modifícase o artigo 277, que queda redactado como segue:

«Artigo 277.

Os xulgados e tribunais españois prestarán ás autoridades xudiciais estranxeiras a cooperación que lles soliciten para o desempeño da súa función xurisdiccional, de conformidade co establecido nos tratados e convenios internacionais en que España sexa parte, nas normas da Unión Europea e nas leis españolas sobre esta materia.»

Corenta e un. Modifícase o artigo 278, que queda redactado como segue:

«Artigo 278.

A prestación de cooperación internacional só será denegada polos xulgados e tribunais españois:

1.º Cando o obxecto ou finalidade da cooperación solicitada sexa manifestamente contrario á orde pública.

2.º Cando o proceso de que dimane a solicitude de cooperación sexa da exclusiva competencia da xurisdición española.

3.º Cando o contido do acto que se vaia realizar non corresponda ás atribucións propias da autoridade xudicial española requirida. En tal caso, esta remitirá a solicitude á autoridade xudicial competente e informará diso a autoridade xudicial requirente.

4.º Cando a solicitude de cooperación internacional non reúna o contido e os requisitos mínimos exixidos polas leis para a súa tramitación.»

Corenta e dous. Modifícase o artigo 296, que queda redactado como segue:

«Artigo 296.

1. Os danos e perdas causados polos xuíces e maxistrados no exercicio das súas funcións darán lugar, de ser o caso, a responsabilidade do Estado por erro xudicial ou por funcionamento anormal da Administración de xustiza sen que, en ningún caso, poidan os prexudicados dirixirse directamente contra aqueles.

2. Se os danos e perdas proveñen de dolo ou culpa grave do xuíz ou maxistrado, a Administración xeral do Estado, unha vez satisfeita a indemnización ao prexudicado, poderá exixir, por vía administrativa a través do procedemento regulamentariamente establecido, ao xuíz ou maxistrado responsable o reembolso do pagado sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que este poida incorrer, de acordo co disposto nesta lei.

O dolo ou culpa grave do xuíz ou maxistrado poderase recoñecer en sentenza ou en resolución ditada polo Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o procedemento que este determine. Para a exixencia da dita responsabilidade ponderaranse, entre outros, os seguintes criterios: o resultado danoso producido e a existencia ou non de intencionalidade.»

Corenta e tres. Suprímese o artigo 297.

Corenta e catro. Modifícase o punto 8 do artigo 301, que queda redactado como segue:

«8. Tamén se reservará na convocatoria unha cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento, sempre que superen as probas selectivas e que acrediten o grao de discapacidade e a compatibilidade para o desempeño das funcións e tarefas correspondentes na forma que se determine regulamentariamente. O ingreso das persoas con discapacidade nas carreira xudicial e fiscal inspirarase nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. De ser o caso, procederase á adaptación dos procesos selectivos ás necesidades especiais e singularidades destas persoas, mediante as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios nos procesos selectivos.

Así mesmo, unha vez superados os ditos procesos, procederase ás adaptacións e axustes razoables para as necesidades das persoas con discapacidade de calquera tipo nos postos de traballo e no ámbito laboral do centro ou dependencia pública onde desenvolvan a súa actividade.»

Corenta e cinco. Modifícase o punto 3 do artigo 329, que queda redactado como segue:

«3. Os concursos para a provisión dos xulgados de menores resolveranse en favor daqueles que, tendo a categoría de maxistrado e acreditando a correspondente especialización en materia de menores na escola xudicial, teñan mellor posto na súa escala. Na súa falta, cubriranse con maxistrados que prestasen ao menos tres anos de servizo, dentro dos cinco anteriores á data da convocatoria, na xurisdición de menores. Na falta destes, cubriranse pola orde de antigüidade establecida no punto 1.

Os que obteñan praza, así como os que a obteñan cando as vacantes se teñan que cubrir por ascenso, deberán participar antes de tomar posesión do seu novo destino nas actividades de especialización en materia de menores e en materia de violencia de xénero que estableceza o Consello Xeral do Poder Xudicial.»

Corenta e seis. Modifícase o artigo 339, que queda redactado como segue:

«Artigo 339.

O presidente da Audiencia Nacional e os presidentes dos tribunais superiores de xustiza, cando cesen no cargo, quedarán adscritos, á súa elección, ao tribunal ou audiencia en que cesen ou a aquel do cal proviñesen no seu último destino, até a adxudicación da praza correspondente do que elixisen. Se esgotaron a totalidade do primeiro período para o cal foron nomeados, terán preferencia, ademais, durante os tres anos seguintes ao cesamento, a calquera praza da súa categoría das que deben proveerse por concurso voluntario e para as cales non se recoñeza especial preferencia ou reserva a especialista.»

Corenta e sete. Modifícase o artigo 340, que queda redactado como segue:

«Artigo 340.

Os presidentes de sala da Audiencia Nacional, os presidentes de sala dos tribunais superiores de xustiza e os presidentes das audiencias provinciais que cesen no seu cargo quedarán adscritos, á súa elección, ao tribunal ou audiencia en que cesen ou a aquel do cal proveñan no seu último destino, até a adxudicación da praza correspondente do que elixisen. Se esgotaron a totalidade do primeiro período para o cal foron nomeados terán preferencia, ademais, durante os dous anos seguintes ao cesamento, a calquera praza da súa categoría das que deben proveerse por concurso voluntario e para as cales non se recoñeza especial preferencia ou reserva a especialista.»

Corenta e oito. Engádesse un novo artigo 344 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 344 bis.

1. Os maxistrados procedentes do corpo xurídico militar serán nomeados para ocupar prazas na Sala do Militar do Tribunal Supremo por real decreto, referendado polo ministro de Xustiza e por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, entre xenerais conselleiros togados e xenerais auditores con aptitude para o ascenso en situación de servizo activo.

2. Para efectos de motivación da proposta de nomeamento, o Consello Xeral do Poder Xudicial solicitará con carácter previo aos aspirantes unha exposición dos seus méritos nos termos desta lei, así como ao Ministerio de Defensa a documentación que, de ser o caso, considere necesaria.»

Corenta e nove. Modifícase o artigo 347 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 347 bis.

1 En cada tribunal superior de xustiza, e para o ámbito territorial da provincia, crearanse as prazas de xuíces de adscrición territorial que determine a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.

2. Os xuíces de adscrición territorial exercerán as súas funcións xurisdiccionais nas prazas que se encontren vacantes, como reforzo de órganos xudiciais, ou naquelas prazas cuxo titular estea ausente por calquera circunstancia.

A designación para estas funcións corresponderá ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza de que dependan, que posteriormente dará conta á respectiva sala de goberno.

A Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza informará o Consello Xeral do Poder Xudicial da situación e dos destinos dos xuíces de adscrición territorial do seu respectivo territorio.

3. Nas comunidades autónomas pluriprovinciais e cando as razóns do servizo o requiran, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza poderá realizar

chamamentos para órganos xudiciais doutra provincia pertencente ao ámbito territorial do dito tribunal.

4. Cando o xuíz de adscrición territorial desempeñe funcións de substitución, farao con plenitude de xurisdición no órgano correspondente. Tamén lle corresponderá asistir ás xuntas de xuíces e demais actos de representación do órgano xudicial en que substitúa, en ausencia do seu titular.

5. Cando o xuíz de adscrición territorial exerza funcións de reforzo, corresponderá á sala de goberno fixar os obxectivos do dito reforzo e a adecuada repartición de asuntos, logo de audiencia do xuíz de adscrición e do titular ou titulares do órgano xudicial reforzado.

6. Os desprazamentos do xuíz de adscrición territorial darán lugar ás indemnizacións que por razón do servizo se determinen regulamentariamente.

7. Nas comunidades autónomas en que exista máis dunha lingua oficial ou teñan dereito civil propio aplicaranse, para a provisión destas prazas, as previsións establecidas para tal efecto na presente lei.»

Cincuenta. Modifícase o punto 1 e engádese un punto 3 ao artigo 386, que quedan redactados como segue:

«1. A xubilación por idade dos xuíces e maxistrados é forzosa e decretarase coa antelación suficiente para que o cesamento na función se produza efectivamente ao cumprir a idade de setenta anos.

Porén, poderán solicitar con dous meses de antelación ao dito momento a prolongación da permanencia no servizo activo até que cumpran como máximo setenta e dous anos de idade. Esta solicitude vinculará o Consello Xeral do Poder Xudicial, quen só poderá denegala cando o solicitante non cumpra o requisito de idade ou cando presentase a solicitude fóra do prazo indicado.»

«3. Os xuíces e maxistrados conservarán os honores e tratamentos correspondentes á categoría alcanzada no momento da xubilación.»

Cincuenta e un. Suprímense os artigos 411, 412 e 413.

Cincuenta e dous. Modifícase o punto 2 do artigo 416, que queda redactado como segue:

«2. As faltas moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano e as leves aos seis meses.

O prazo de prescrición comezará a contar desde que a falta se cometeu. Non obstante, no suposto previsto no artigo 417.5, o prazo de prescrición iniciárase a partir da firmeza da sentenza ou da resolución ditada polo Consello Xeral do Poder Xudicial que declare a responsabilidade civil do xuíz ou maxistrado.»

Cincuenta e tres. Modifícase o número 5 do artigo 417, que queda redactado como segue:

«5. As accións e omisións que desen lugar, en sentenza firme ou en resolución firme ditada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, a unha declaración de responsabilidade civil contraída no exercicio da función por dolo ou culpa grave conforme o punto 2 do artigo 296.»

Cincuenta e catro. Modifícase o punto 2 do artigo 420, que queda redactado como segue:

«2. As faltas leves só poderán sancionarse con advertencia ou multa de até 500 euros ou con ambas; as graves con multa de 501 a 6.000 euros, e as moi graves con suspensión, traslado forzoso ou separación.»

Cincuenta e cinco. Modifícase o punto 3 do artigo 438, que queda redactado como segue:

«3. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas nos seus respectivos territorios serán competentes para o deseño, creación e organización dos servizos comúns procesuais, con funcións de rexistro e repartición, actos de comunicación, auxilio xudicial, execución de resolucións xudiciais, xurisdición voluntaria, mediación e ordenación do procedemento. As salas de goberno e as xuntas de xuíces poderán solicitar ao ministerio e ás comunidades autónomas a creación de servizos comúns, conforme as específicas necesidades.

Así mesmo, poderán crear servizos comúns procesuais que asuman outras funcións distintas ás relacionadas neste número. Neste caso será preciso o informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial.»

Cincuenta e seis. Modifícase o artigo 440, que queda redactado como segue:

«Artigo 440.

Os letrados da Administración de xustiza son funcionarios públicos que constitúen un corpo superior xurídico, único, de carácter nacional, ao servizo da Administración de xustiza, dependente do Ministerio de Xustiza, e que exercen as súas funcións co carácter de autoridade, desempeñando a dirección da oficina xudicial.»

Cincuenta e sete. Modifícase o artigo 441, que queda redactado como segue:

«Artigo 441.

1. Os postos de traballo cuxo desempeño estea reservado ao corpo de letrados da Administración de xustiza clasifícanse en tres categorías. O ingreso nel ten lugar pola terceira categoría.

2. Todo letrado da Administración de xustiza posuirá unha categoría persoal.

A consolidación da categoría persoal exige o desempeño de postos de traballo correspondentes á dita categoría ao menos durante cinco anos continuados ou sete con interrupción.

3. Non se poderá comezar a consolidar unha categoría superior sen previamente ter consolidado a inferior, ben que o tempo de desempeño dun posto de categoría superior será computable para efectos da consolidación da inferior.

4. Non será posible utilizar o mesmo período de tempo para consolidar categorías diferentes.

5. En ningún caso un letrado da Administración de xustiza da terceira categoría poderá optar a unha praza da primeira.

6. A categoría consolidada só opera como garantía da percepción do soldo correspondente a ela cando se ocupe un posto de inferior categoría.

7. O Ministerio de Xustiza establecerá os tres grupos en que se clasificarán os postos de traballo que desempeñen os letrados da Administración de xustiza.»

Cincuenta e oito. Modifícase o punto 2 do artigo 442, que queda redactado como segue:

«2. Reservarase o trinta por cento das prazas vacantes para a súa provisión, logo de autorización por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por promoción interna mediante o sistema de concurso-oposición polos funcionarios de carreira do corpo de xestión procesual e administrativa que leven, ao menos, dous anos de servizos efectivos nel. Para estes efectos computaranse os servizos prestados no corpo de oficiais da Administración de xustiza de que, de ser o caso, procedan.

As restantes vacantes, acrecentadas polas que non se cubran por promoción interna, se as houber, cubriranse na quenda libre mediante oposición ou, de ser o caso, concurso-oposición, sempre con suxeición ás previsións orzamentarias vixentes en materia de oferta de emprego público.

De non existir oferta de emprego público, o Ministerio de Xustiza, con carácter extraordinario e logo de autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderá convocar un proceso de promoción interna específico cando as circunstancias na Administración de xustiza o aconsellen. O número de prazas convocadas por este sistema non poderá ser superior ao quince por cento das prazas vacantes. Neste caso, as prazas que non se cubran non se poderán ofertar para que o sexan por quenda libre.»

Cincuenta e nove. Modifícase o punto 1 do artigo 443, que queda redactado como segue:

«1. O ingreso no corpo de letrados da Administración de xustiza prodúcese polo cumprimento das seguintes condicións:

- a) Reunir os requisitos e cumprir as condicións exixidas na convocatoria.
- b) Superación dos procesos selectivos.
- c) Nomeamento expedido polo ministro de Xustiza e publicado no «Boletín Oficial del Estado».
- d) Xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigacións do cargo e cumprir e facer cumprir a Constitución como norma fundamental.
- e) Toma de posesión dentro do prazo establecido.»

Sesenta. Engádese un novo artigo 443 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 443 bis.

O Ministerio de Xustiza aprobará cada ano a escala do corpo de letrados da Administración de xustiza, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado» e comprenderá os datos persoais e profesionais que se establezan regulamentariamente.»

Sesenta e un. Modifícase o artigo 444, que queda redactado como segue:

«Artigo 444.

1. Os funcionarios do corpo de letrados da Administración de xustiza terán iguais dereitos individuais, colectivos e deberes que os establecidos no libro VI desta lei. Con carácter supletorio, rexerá o disposto no Estatuto básico do empregado público e o resto da normativa estatal sobre función pública.

2. Sen prexuízo do seu desenvolvemento e concreción no regulamento orgánico, recoñécense os seguintes dereitos profesionais:

- a) Libranzas, naqueles casos en que se preste unha dedicación ou servizo non retribuído, nos termos que se determinen regulamentariamente.
- b) Especialización profesional naqueles ámbitos, ordes e materias que regulamentariamente se determinen.
- c) Libre asociación profesional.
- d) Que as súas asociacións profesionais sexan oídas en todas aquelas materias que afecten o seu estatuto orgánico.

3. O réxime establecido nos puntos anteriores será aplicable aos letrados da Administración de xustiza substitutos, na medida en que a natureza do dereito o permita.»

Sesenta e dous. Modifícase o punto 1 do artigo 445, que queda redactado como segue:

«1. As situacións administrativas en que se poidan achar os letrados da Administración de xustiza, así como a súa xubilación, serán iguais e procederá a súa declaración nos supostos e cos efectos establecidos nesta lei orgánica para xuíces e maxistrados.

Non obstante, os letrados da Administración de xustiza que se presenten como candidatos para acceder a cargos públicos representativos no Parlamento Europeo, Congreso dos Deputados, Senado, asembleas legislativas das comunidades autónomas ou corporacións locais poderán ser dispensados, logo de solicitude, da prestación do servizo nas súas respectivas oficinas xudiciais, durante o tempo de duración da campaña electoral. Este permiso poderá ser concedido polo secretario xeral da Administración de xustiza.

Así mesmo, poderán estar en situación de servizos especiais os letrados da Administración de xustiza que sexan designados encargados do Rexistro Civil conforme o disposto na Lei do Rexistro Civil e nas súas normas de desenvolvemento.»

Sesenta e tres. Modifícase o artigo 446, que queda redactado como segue:

«Artigo 446.

1. Os letrados da Administración de xustiza deberán absterse nos casos establecidos para os xuíces e maxistrados e, se non o fan, poderán ser recusados.

2. A abstención formularase mediante escrito motivado dirixido ao secretario coordinador provincial, quen decidirá a cuestión.

En caso de se confirmar a abstención, o letrado da Administración de xustiza que se abstivese debe ser substituído polo seu substituto legal; en caso de denegarse, deberá aquel continuar actuando no asunto.

3. Serán aplicables á recusación dos letrados da Administración de xustiza as prescricións que establece esta lei para xuíces e maxistrados no artigo 223, coas seguintes excepcións:

a) Os letrados da Administración de xustiza non poderán ser recusados durante a práctica de calquera dilixencia ou actuación de que estean encargados.

b) A peza de recusación resolveraa o secretario de goberno.

c) Unha vez presentado o escrito de recusación, o letrado da Administración de xustiza recusado informará detalladamente por escrito se recoñece ou non como certa e lexítima a causa alegada.

d) Cando o recusado recoñeza como certa a causa da recusación, o secretario de goberno terao por recusado mediante decreto, se considera que a causa é legal. Se considera que a causa non é das tipificadas na lei, declarará que non procede a recusación. Contra o decreto sobre recusación non caberá ningún recurso.

e) Cando o recusado negue a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, o instrutor, se admite a trámite a recusación proposta, ordenará a práctica, no prazo de dez días, da proba solicitada que sexa pertinente e a que considere necesaria, e darase traslado delas ao Ministerio Fiscal para informe por prazo de tres días. Transcorrido ese prazo, con ou sen informe do Ministerio Fiscal, decidírase a recusación dentro dos cinco días seguintes. Contra a dita resolución non caberá ningún recurso.

f) O letrado da Administración de xustiza recusado, desde o momento en que sexa presentado o escrito de recusación, será substituído polo seu substituto legal.»

Sesenta e catro. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 5 do artigo 447, que queda redactado como segue:

«5. Os letrados da Administración de xustiza substitutos percibirán as retribucións correspondentes ao posto de traballo desempeñado.»

Sesenta e cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 450, que queda redactado como segue:

«1. A provisión de postos de traballo levarase a cabo polo procedemento de concurso, que será o sistema ordinario de provisión.

Cando se trate de postos de carácter directivo ou de especial responsabilidade, poderán cubrirse polo procedemento de libre designación.

Os postos de traballo de letrado da Administración de xustiza no Tribunal Supremo cubriranse polo sistema de libre designación entre aqueles candidatos que pertencen á primeira ou segunda categoría, cunha antigüidade de ao menos vinte anos nunha delas ou entre ambas e quince anos de servizo na orde xurisdiccional correspondente.

O nomeamento de letrados da Administración de xustiza para postos de traballo radicados no ámbito territorial dunha comunidade autónoma con competencias asumidas, que se deban cubrir por este procedemento, requirirá o informe previo do órgano competente da dita comunidade. En todo caso, o sistema de provisión deberá estar determinado nas correspondentes relacións de postos de traballo.»

Sesenta e seis. Modifícase o artigo 451, que queda redactado como segue:

«Artigo 451.

1. As suplencias por ausencia, enfermidade, suspensión ou vacante de letrados da Administración de xustiza serán cubertas por quen designe o seu inmediato superior xerárquico.

2. Esta designación deberá recaer noutro letrado da Administración de xustiza, que se denominará letrado suplente. Par tal efecto, os secretarios de goberno elaborarán unha relación dos membros do corpo de letrados da Administración de xustiza que voluntariamente queiran participar nos plans anuais de suplencias. De non existir voluntario, designarase, con carácter forzoso, o suplente ordinario que se designe conforme o previsto no número anterior. Os chamamentos que teñan lugar conforme o establecido neste precepto serán retribuídos nos casos e contía que se determinen regulamentariamente.

3. Excepcionalmente, cando non haxa suficiente número de letrados da Administración de xustiza, nos supostos de entradas e rexistros en lugares cerrados acordados por un único órgano xudicial da Audiencia Nacional e que deban ser realizados de forma simultánea, poderán os funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa, en substitución do letrado da Administración de xustiza, intervir en calidade de fedatarios e redactar a correspondente acta.

4. Cando non sexa posible proceder á suplencia conforme o previsto nos puntos 1 e 2, e exista dispoñibilidade orzamentaria, poderase nomear un letrado da Administración de xustiza substituto, sempre que cumpra os requisitos de titulación exixidos para o ingreso no corpo de letrados da Administración de xustiza.

5. Aos letrados da Administración de xustiza substitutos aplicaráselles o mesmo réxime xurídico que aos titulares, na medida en que a súa natureza o permita, e quedarán integrados no réxime xeral da Seguridade Social.

6. De existiren funcionarios pertencentes ao corpo de xestión procesual e administrativa incluídos na correspondente bolsa, serán chamados como letrados da Administración de xustiza substitutos con preferencia sobre o resto de substitutos, e manterán a súa inclusión obrigatoria tanto no réxime da Seguridade Social que resulte aplicable como no mutualismo xudicial.»

Sesenta e sete. Modifícase o artigo 455, que queda redactado como segue:

«Artigo 455.

Será responsabilidade do letrado da Administración de xustiza organizar a dación de conta, que se realizará nos termos establecidos nas leis procesuais.»

Sesenta e oito. Modifícase o artigo 456, que queda redactado como segue:

«Artigo 456.

1. O letrado da Administración de xustiza impulsará o proceso nos termos que establecen as leis procesuais.

2. Para tal efecto, ditará as resolucións necesarias para a tramitación do proceso, salvo aquelas que as leis procesuais reserven a xuíces ou tribunais. Estas resolucións denominaranse dilixencias, que poderán ser de ordenación, de constancia, de comunicación ou de execución.

3. Chamarase decreto a resolución que dite o letrado da Administración de xustiza co fin de admitir a demanda, pór termo ao procedemento do cal teña atribuída exclusiva competencia ou cando sexa preciso ou conveniente razoar a súa decisión. Será sempre motivado e conterà, en parágrafos separados e numerados, os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito en que se basea.

4. As dilixencias de ordenación e os decretos serán impugnables nos casos e formas previstos nas leis procesuais.

5. As resolucións de carácter gubernativo dos letrados da Administración de xustiza denominaranse acordos.

6. Os letrados da Administración de xustiza, cando así o prevexan as leis procesuais, terán competencias nas seguintes materias:

a) Execución, salvo aquelas competencias que exceptúen as leis procesuais por estaren reservadas a xuíces e maxistrados.

b) Xurisdición voluntaria, asumindo a súa tramitación e resolución, sen prexuízo dos recursos que caiba interpor.

c) Conciliación, levando a cabo o labor mediador que lles sexa propio.

d) Tramitación e, de ser o caso, resolución dos procedementos monitorios.

e) Mediación.

f) Calquera outra que expresamente se prevexa.»

Sesenta e nove. Modifícase o punto 2 do artigo 458, que queda redactado como segue:

«2. Mediante real decreto estableceranse as normas reguladoras da ordenación e arquivamento de autos e expedientes que non estivesen pendentes de actuación ningunha, así como da expurgación dos arquivos xudiciais.

Con carácter xeral, destruíranse os autos e expedientes xudiciais transcorridos seis anos desde a firmeza da resolución que de maneira definitiva puxo termo ao procedemento que deu lugar á formación daqueles. Exceptúanse do anterior aqueles formados para a instrución de causas penais seguidas por delito, así como os supostos que se poidan establecer regulamentariamente, especialmente en atención ao valor cultural, social ou histórico do arquivado.

Previamente, o letrado da Administración de xustiza concederá audiencia por un tempo non inferior a quince días ás partes que compareceron para que soliciten, de ser o caso, o detalle daqueles documentos orixinais que achegasen ou exerzan os dereitos que esta lei lles recoñece nos artigos 234 e 235.»

Setenta. Modifícase o punto 3 do artigo 461, que queda redactado como segue:

«3. A Comisión Nacional de Estatística Xudicial, integrada polo Ministerio de Xustiza, unha representación das comunidades autónomas con competencias na materia, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, aprobará os plans estatísticos, xerais e especiais, da Administración de xustiza e establecerá criterios uniformes que, de ser o caso, teñan en conta a perspectiva de xénero e a variable de sexo, e sexan de obrigado cumprimento para todos sobre a obtención, tratamento informático, transmisión e explotación dos datos estatísticos do sistema xudicial español.

A estrutura, a composición e as funcións da Comisión Nacional de Estatística Xudicial serán establecidas regulamentariamente polo Goberno, mediante real decreto, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, do fiscal xeral do Estado, da Axencia de Protección de Datos e das comunidades autónomas con competencias na materia.

Os sistemas informáticos de xestión procesual da Administración de xustiza permitirán en todo caso a extracción automatizada da totalidade dos datos exixidos nos correspondentes boletíns estatísticos.»

Setenta e un. Modifícase o punto 2 do artigo 463, que queda redactado como segue:

«2. Os órganos superiores de goberno do corpo de letrados da Administración de xustiza son, por orde xerárquica, os seguintes:

- a) O secretario xeral da Administración de xustiza.
- b) Os secretarios de goberno.
- c) Os secretarios coordinadores provinciais.»

Setenta e dous. Modifícanse os puntos 3 e 5 do artigo 464, que quedan redactados como segue:

«3. Será nomeado e removido libremente polo Ministerio de Xustiza. Este nomeamento realizarase por proposta do órgano competente das comunidades autónomas cando estas teñan competencias asumidas en materia de Administración de xustiza, que tamén poderán propor o seu cesamento.

En todo caso, para o seu nomeamento requirirase informe sobre o candidato que debe ser nomeado polo Ministerio de Xustiza, da Sala de Goberno do Tribunal respectivo así como do Consello do Secretariado. Para o das cidades de Ceuta e Melilla o informe será emitido pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía.

Non se poderá ocupar máis de dez anos o mesmo posto de secretario de goberno.»

«5. Aos letrados da Administración de xustiza que sexan nomeados secretarios de goberno reservaráselles, durante o tempo que ocuparen o dito cargo, a praza que viñan ocupando con anterioridade ao dito nomeamento.

Durante o seu mandato, a dita praza poderá ser cuberta en réxime de comisión de servizos.»

Setenta e tres. Modifícanse os puntos 9 e 10 e engádense os puntos 11 e 12 ao artigo 465, que quedan redactados como segue:

«9. Concesión de permisos e licenzas aos letrados da Administración de xustiza do seu territorio; poderase delegar no secretario coordinador.

10. Coñecer dos incidentes de recusación dos letrados da Administración de xustiza.

11. Elaborar os plans anuais de suplencias de letrados da Administración de xustiza e propor ao Ministerio de Xustiza a lista de candidatos considerados idóneos

para exercer como letrados da Administración de xustiza substitutos no ámbito territorial de cada comunidade autónoma.

12. As demais previstas no regulamento orgánico do corpo de letrados da Administración de xustiza.»

Setenta e catro. Modifícanse os puntos 1 e 4 do artigo 466, que quedan redactados como segue:

«1. En cada provincia existirá un secretario coordinador, nomeado polo Ministerio de Xustiza polo procedemento de libre designación, por proposta do secretario de goberno, de acordo coas comunidades autónomas con competencias asumidas, de entre todos aqueles que se presenten á convocatoria pública.

Antes do nomeamento será oído o Consello do Secretariado sobre o candidato que debe ser nomeado polo Ministerio de Xustiza.

Ademais, na Comunidade Autónoma de Illes Balears haberá un secretario coordinador nas illas de Menorca e Eivissa, e na Comunidade Autónoma de Canarias, outro nas illas de Lanzarote e La Palma.

Nas comunidades autónomas uniprovinciais, as funcións do secretario coordinador serán asumidas polo secretario de goberno, salvo naquelas en que, por razón do servizo, sexa aconsellable a súa existencia.

Non se poderá ocupar máis de dez anos o mesmo posto de secretario coordinador.»

«4. Aos letrados da Administración de xustiza que sexan nomeados secretarios coordinadores reservaráselles, durante o tempo que ocuparen o dito cargo, a praza que viñesen ocupando con anterioridade ao dito nomeamento.

Durante o seu mandato, a praza poderá ser cuberta en réxime de comisión de servizos.»

Setenta e cinco. Modifícanse os puntos 7 e 8 e engádense novos puntos 9 e 10 ao artigo 467, que quedan redactados como segue:

«7. Resolver as suplencias e substitucións dos letrados da Administración de xustiza do seu ámbito.

8. Resolver os incidentes de abstención dos letrados da Administración de xustiza que del dependan de acordo co previsto nesta lei.

9. Conceder, por delegación do secretario de goberno, os permisos e as licenzas aos letrados da Administración de xustiza do seu territorio.

10. As demais que establezan as leis e o seu propio regulamento orgánico.»

Setenta e seis. Modifícanse os puntos 1, 2 e 3 do artigo 468, que quedan redactados como segue:

«1. Os letrados da Administración de xustiza estarán suxeitos a responsabilidade disciplinaria, nos supostos e de acordo cos principios que se establecen neste libro.

2. Non se poderá impor sanción pola comisión dunha falta grave ou moi grave, senón en virtude de expediente disciplinario instruído para o efecto, mediante o procedemento que se estableza no regulamento orgánico do corpo de letrados da Administración de xustiza que se dite en desenvolvemento desta lei.

Para a imposición de sancións por faltas leves, non será preceptiva a previa instrución do expediente, salvo o trámite de audiencia ao interesado.

Ademais dos autores, serán responsables disciplinariamente os superiores que, tendo coñecemento dos feitos, os consintan, así como aqueles que inducisen ou encubrisen as faltas moi graves e graves cando de tales actos deriven graves danos para a Administración ou os cidadáns.

3. As comunidades autónomas con competencias asumidas poderán pór en coñecemento dos superiores xerárquicos dos letrados da Administración de xustiza

con destino en oficinas xudiciais radicadas no seu territorio aquelas condutas deles que poidan ir en detrimento do deber de colaboración establecido nesta lei orgánica coas comunidades autónomas.

A autoridade competente para a incoación e tramitación dos expedientes disciplinarios dará conta a aquelas das decisións que se adopten.»

Setenta e sete. Engádese un novo artigo 468 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 468 bis.

As faltas poderán ser moi graves, graves e leves.

1. Considéranse faltas moi graves:

a) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio da función pública.

b) Toda actuación que supoña discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo ou orientación sexual, relixión ou convicións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) O abandono do servizo.

d) A adopción de acordos ou resolucións manifestamente ilegais, cando se cause prexuízo grave ao interese público ou lesionen dereitos fundamentais dos cidadáns.

e) A revelación ou utilización polo letrado da Administración de xustiza de feitos ou datos coñecidos no exercicio da súa función ou con ocasión desta, cando se cause prexuízo á tramitación dun proceso ou a calquera persoa.

f) A utilización indebida da documentación ou información a que teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función.

g) A negligencia na custodia de documentos que dea lugar á súa difusión ou coñecemento indebido.

h) O atraso, a desatención ou o incumprimento reiterados das funcións inherentes ao posto de traballo ou funcións encomendadas.

i) A utilización das facultades que teña atribuídas para influír en procesos electorais de calquera natureza e ámbito.

j) O incumprimento grave das decisións xudiciais cuxa execución teñan encomendadas.

k) A desobediencia grave ou reiterada ás ordes ou instrucións verbais ou escritas dun superior emitidas por este no exercicio das súas competencias, referidas a funcións ou tarefas propias do posto de traballo do interesado, salvo que sexan manifestamente ilegais.

l) A utilización da condición de letrado da Administración de xustiza para a obtención dun beneficio indebido para si ou para un terceiro.

m) A realización de actividades declaradas incompatibles por lei.

n) A inobservancia do deber de abstención, a sabendas de que concorre algunha das causas legalmente previstas.

o) Os actos que impidan o exercicio dos dereitos fundamentais, das liberdades públicas e dos dereitos sindicais.

p) O incumprimento do deber de atender os servizos esenciais en caso de folga.

q) O acoso sexual.

r) A agresión grave a calquera persoa con que se relacionen no exercicio das súas funcións.

s) A arbitrariedade no uso de autoridade que cause prexuízo grave aos subordinados ou ao servizo.

t) As accións e omisións que desen lugar en sentenza firme a unha declaración de responsabilidade civil contraída no exercicio da función por dolo ou culpa grave.

u) A comisión dunha falta grave cando fose anteriormente sancionado por outras dúas graves que adquirisen firmeza, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das anotacións correspondentes.

2. Considéranse faltas graves:

a) A desobediencia expresa ás ordes ou instrucións dun superior, emitidas por este no exercicio das súas competencias, referidas a funcións ou tarefas propias do posto de traballo do interesado, salvo que sexan manifestamente ilegais.

b) O incumprimento das decisións xudiciais cuxa execución lles foi encomendada, cando non constituía falta moi grave.

c) A arbitrariedade no uso de autoridade no exercicio das súas funcións cando non constituía falta moi grave.

d) A negligencia na custodia de documentos, así como a utilización indebida deles ou da información que coñezan por razón do cargo, cando tales condutas non constituían falta moi grave.

e) A terceira falta inxustificada de asistencia nun período de tres meses.

f) A negligencia, a desatención ou atraso inxustificado no cumprimento das funcións inherentes ao posto de traballo ou funcións encomendadas cando non constituía falta moi grave.

g) O exercicio de calquera actividade susceptible de compatibilidade, conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sen obter a pertinente autorización ou se se obtivo con falta de veracidade nos presupostos alegados.

h) A falta de consideración grave cos superiores, iguais ou subordinados, así como cos profesionais ou cidadáns.

i) Causar dano grave nos documentos ou material de traballo, así como nos locais destinados á prestación do servizo.

j) A utilización inadecuada dos medios informáticos e materiais empregados no exercicio das súas funcións e o incumprimento das instrucións facilitadas para a súa utilización, así como a indebida utilización das claves de acceso aos sistemas informáticos.

k) As accións ou omisións dirixidas a eludir os sistemas de control de horarios ou a impedir que sexan detectados os incumprimentos inxustificados da xornada de traballo.

l) Deixar de promover a exixencia da responsabilidade disciplinaria que proceda ao persoal que integre a súa oficina, cando coñezan ou deban coñecer o incumprimento grave por estes dos deberes que lles correspondan.

m) Obstaculizar os labores de inspección.

n) Promover a súa abstención de forma claramente inxustificada.

o) Incumprir reiteradamente o horario de traballo sen causa xustificada.

p) Cometer unha falta de carácter leve, tendo sido sancionado anteriormente por resolución firme por outras dúas leves, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das correspondentes anotacións.

3. Considéranse faltas leves:

a) A falta de consideración cos superiores, iguais ou subordinados, así como cos profesionais ou cidadáns, cando non constituía unha infracción máis grave.

b) O incumprimento dos deberes propios do seu cargo ou posto de traballo ou a negligencia no seu desempeño, sempre que tales condutas non constituían infracción máis grave.

c) A desatención ou atraso inxustificado no cumprimento das súas funcións, cando non constituía falta máis grave.

d) A ausencia inxustificada por un día.

e) O incumprimento do horario de traballo sen causa xustificada cando non constituía falta grave.»

Setenta e oito. Engádesse un novo artigo 468 ter, que queda redactado como segue:

«Artigo 468 ter.

1 Na imposición de sancións por parte dos órganos competentes deberá observarse a debida adecuación ou proporcionalidade entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada. Considéranse especialmente os seguintes criterios para a gradación da sanción aplicable:

- a) Intencionalidade.
- b) Prexuízo causado á Administración ou aos cidadáns.
- c) Grao de participación na comisión da falta.
- d) Reiteración ou reincidencia.»

Setenta e nove. Engádesse un novo artigo 468 quáter, que queda redactado como segue:

«Artigo 468 quáter.

1. As sancións que se poden impor aos letrados da Administración de xustiza polas faltas cometidas no exercicio do seu cargo son:

- a) Apercibimento.
- b) Multa de até 3.000 euros.
- c) Suspensión de emprego e soldo.
- d) Traslado forzoso fóra do municipio de destino.
- e) Separación do servizo.
- f) Cesamento no posto de traballo.

2. As sancións previstas nas letras c) e d) do punto anterior poderán imporse pola comisión de faltas graves e moi graves. A súa duración graduarase en función das circunstancias que concorran no feito obxecto de sanción.

A sanción de separación de servizo só poderá imporse por faltas moi graves.

A suspensión de funcións imposta pola comisión dunha falta moi grave non poderá ser superior a tres anos nin inferior a un ano. Se se impón por falta grave, non excederá un ano.

Os letrados da Administración de xustiza aos cales se sancione con traslado forzoso non poderán obter novo destino no municipio de orixe durante tres anos, cando fose imposta por falta moi grave, e durante un, cando correspondese á comisión dunha falta grave.

A sanción de cesamento no posto de traballo só será aplicable aos letrados da Administración de xustiza suplentes por comisión de faltas graves ou moi graves.

A sanción de multa só se poderá impor pola comisión de faltas graves.

A sanción de apercibimento só se poderá impor pola comisión de faltas leves.»

Oitenta. Suprímese o punto 2 e modifícase o punto 3 do artigo 469, que pasa a ser punto 2 e queda redactado como segue:

«2. Para a imposición das sancións serán competentes:

- a) O secretario xeral da Administración de xustiza, o secretario de goberno e o secretario coordinador provincial, para a sanción de apercibimento respecto de quen dependese deles.
- b) O secretario xeral da Administración de xustiza, para a sanción de multa.
- c) O ministro de Xustiza, para a sanción de suspensión, traslado forzoso, separación do servizo e cesamento no posto de traballo.»

Oitenta e un. Engádese un novo artigo 469 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 469 bis.

1. As faltas moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano e as leves aos seis meses.

2. O prazo de prescripción comezará a contar desde que a falta se cometeu.

Nos casos en que un mesmo feito dea lugar á apertura de causa penal e a procedemento disciplinario, os prazos de prescripción da falta disciplinaria non comezarán a computarse senón desde a conclusión da causa penal.

3. O prazo de prescripción interromperase no momento de notificación do acordo de iniciación do expediente disciplinario e volverá computar o prazo se o procedemento permanece paralizado durante máis de dous meses por causas non imputables ao expedientado.

4. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos dous anos; as impostas por faltas graves ao ano, e as impostas por faltas leves aos seis meses. O prazo de prescripción comezará a computarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución en que se impoña a sanción.»

Oitenta e dous. Modifícase o punto 1 do artigo 470, que queda redactado como segue:

«1. Este libro ten por obxecto a determinación do estatuto xurídico, de conformidade co previsto no artigo 122 da Constitución española, dos funcionarios que integran os corpos de médicos forenses, de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de xestión procesual e administrativa, de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de tramitación procesual e administrativa, de auxilio xudicial e de axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.»

Oitenta e tres. Modifícase o terceiro parágrafo do punto b) do artigo 475, que queda redactado como segue:

«O corpo de médicos forenses. Para o acceso ao corpo de médicos forenses exíxese estar en posesión dos títulos oficiais de licenciado ou graduado en medicina e de especialista en medicina forense.»

Oitenta e catro. Modifícase o artigo 476, que queda redactado como segue:

«Artigo 476.

1. Corresponde ao corpo de xestión procesual e administrativa colaborar na actividade procesual de nivel superior, así como realizar tarefas procesuais propias.

Con carácter xeral e baixo o principio de xerarquía, e sen prexuízo das funcións concretas do posto de traballo que desempeñen, correspóndelle:

a) Xestionar a tramitación dos procedementos, da cal dará conta ao letrado da Administración de xustiza, en particular cando determinados aspectos exixan unha interpretación de lei ou de normas procesuais, sen prexuízo de informar o titular do órgano xudicial cando sexa requirido para iso.

b) Practicar e asinar as comparecencias que efectúen as partes en relación cos procedementos que se sigan no órgano xudicial, respecto ás cales terá capacidade de certificación.

c) Documentar os embargos, lanzamentos e demais actos cuxa natureza o requira, co carácter e representación que lle atribúan as leis, salvo que o letrado da Administración de xustiza considere necesaria a súa intervención, tendo nos ditos actos a consideración de axente da autoridade.

d) Expedir as notas que teñan por obxecto unir ao procedemento datos ou elementos que non constitúan proba nel, co fin de garantir a súa debida constancia e posterior tramitación, dando conta diso, para tal efecto, á autoridade superior, así como elaborar notas, que poderán ser de referencia, de resumo dos autos e de exame do trámite a que se refiran.

e) Realizar as tarefas de rexistro, recepción e distribución de escritos e documentos relativos a asuntos que se estean tramitando en xulgados e tribunais.

f) Expedir, con coñecemento do letrado da Administración de xustiza e por conta do interesado, copias simples de escritos e documentos que consten en autos non declarados secretos nin reservados.

g) Ocupar, de acordo co establecido nas relacións de postos de traballo, as xefaturas en que se estruturan as unidades de apoio directo e servizos comúns procesuais, en que, sen prexuízo de realizar as funcións asignadas ao posto concreto, xestionarán a distribución das tarefas do persoal e responderán do seu desenvolvemento.

h) Colaborar cos órganos competentes en materia de xestión administrativa, desempeñando funcións relativas á xestión do persoal e medios materiais da unidade da oficina xudicial en que se presten os servizos, sempre que tales funcións estean previstas expresamente na descrición que a relación de postos de traballo efectúe do posto de traballo.

i) Desempeñar a secretaría da oficina xudicial das agrupacións de secretarías de xulgados de paz, de xulgados de paz de máis de 7.000 habitantes e de xulgados de paz de menos de 7.000 habitantes en que a carga de traballo xustifique o seu establecemento, así como os restantes postos de traballo dos citados centros de destino adscritos ao corpo de xestión procesual e administrativa, todo iso de conformidade co que se determine nas correspondentes relacións de postos de traballo, así como desempeñar postos das unidades administrativas, cando as relacións de postos de traballo das citadas unidades así o establezan, sempre que se reúnan os requisitos de coñecemento e preparación exixidos para o seu desempeño.

j) Realizar cantas funcións poidan asumir para a protección e apoio ás vítimas, así como de apoio a actuacións de xustiza restaurativa e de solución extraprocesual.

k) Realizar todas aquelas funcións que legal ou regulamentariamente se establezan e calquera outra función de natureza análoga ás anteriores que, inherentes ao posto de traballo que se desempeñe, sexan encomendadas polos superiores xerárquicos, orgánicos ou funcionais no exercicio das súas competencias.

2. Os funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa poderán ser nomeados letrados da Administración de xustiza substitutos, sempre que se reúnan os requisitos de titulación e demais exixidos, e conforme o procedemento e coa retribución que regulamentariamente se estableza.»

Oitenta e cinco. Modifícase a letra g) e introdúcese unha nova letra h) no artigo 477, que quedan redactadas como segue:

«g) Cantas funcións poidan asumir para a protección e apoio ás vítimas, así como de apoio a actuacións de xustiza restaurativa e de solución extraprocesual.

h) A realización de todas aquelas funcións que legal ou regulamentariamente se establezan e de calquera outra función de natureza análoga ás anteriores que, inherentes ao posto de traballo que se desempeñe, sexan encomendadas polos superiores xerárquicos, orgánicos ou funcionais no exercicio das súas competencias.»

Oitenta e seis. Modifícase o artigo 479, que queda redactado como segue:

«Artigo 479.

1. Os institutos de medicina legal e ciencias forenses son órganos técnicos adscritos ao Ministerio de Xustiza ou, de ser o caso, a aquelas comunidades autónomas con competencia na materia, cuxa misión principal é auxiliar a Administración de xustiza no ámbito da súa disciplina científica e técnica.

2. Existirá un instituto de medicina legal e ciencias forenses en cada cidade onde teña a súa sede oficial un Tribunal Superior de Xustiza.

Non obstante, o Goberno, por proposta do Ministerio de Xustiza, logo de petición, de ser o caso, dunha comunidade autónoma con competencia na materia, poderá autorizar que a dita sede sexa a da capitalidade administrativa da comunidade autónoma de que se trate cando sexa distinta da do Tribunal Superior de Xustiza.

Así mesmo, o Goberno poderá autorizar, logo de petición, de ser o caso, dunha comunidade autónoma con competencia na materia, o establecemento de institutos de medicina legal e ciencias forenses nas restantes cidades do ámbito territorial do Tribunal Superior de Xustiza de que se trate, co ámbito de actuación que se determine.

Con sede en Madrid existirá un instituto de medicina legal e ciencias forenses que prestará servizo aos diversos órganos de xurisdición estatal.

3. Mediante real decreto, por proposta do ministro de Xustiza e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas que recibiron os trasposos de medios para o funcionamento da Administración de xustiza, determinaranse as normas xerais de organización e funcionamento dos institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses e de actuación dos médicos forenses e do resto do persoal funcionario ou laboral adscrito a eles. O Ministerio de Xustiza ou o órgano competente da comunidade autónoma poderá ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións pertinentes para o seu desenvolvemento e aplicación. En todo caso, os institutos de medicina legal e ciencias forenses contarán con unidades de valoración forense integral, das que poderán formar parte os psicólogos e traballadores sociais que se determinen para garantir, entre outras funcións, a asistencia especializada ás vítimas de violencia de xénero e o deseño de protocolos de actuación global e integral en casos de violencia de xénero. Así mesmo, dentro dos institutos poderá integrarse o resto de equipos psicosociais que prestan servizos á Administración de xustiza, incluíndo os equipos técnicos de menores, cuxo persoal terá formación especializada en familia, menores, persoas con discapacidade e violencia de xénero e doméstica. A súa formación será orientada desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres.

4. Os médicos forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional de titulados superiores ao servizo da Administración de xustiza.

5. Son funcións dos médicos forenses:

a) A asistencia técnica a xulgados, tribunais e fiscalías nas materias da súa disciplina profesional, emitindo informes e ditames no marco do proceso xudicial ou nas actuacións de investigación criminal que aqueles soliciten.

b) A asistencia ou vixilancia facultativa dos detidos, lesionados ou enfermos que estean baixo a xurisdición de xulgados, tribunais e fiscalías, nos supostos e na forma que determinen as leis.

c) A emisión de informes e ditames por solicitude do Rexistro Civil, nos supostos e condicións que determine a súa lexislación específica.

d) A emisión de informes e ditames, por solicitude de particulares, nas condicións que se determinen regulamentariamente.

e) A realización de funcións de docencia, praciais ou de investigación, por motivos de interese xeral, de acordo coas instrucións que estableza o Ministerio de

Xustiza ou a comunidade autónoma con competencias en materia de xustiza, no marco de posibles acordos ou convenios.

f) A realización de funcións de investigación e colaboración que deriven da súa propia función, nos termos previstos regulamentariamente.

6. No curso das actuacións procesuais ou de investigación de calquera natureza incoadas polo Ministerio Fiscal, o persoal destinado nos institutos de medicina legal e ciencias forenses estará ás ordes dos xuíces e fiscais e exercerá as súas funcións con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos.

7. Os médicos forenses estarán destinados nun instituto de medicina legal e ciencias forenses ou no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. Así mesmo, nos institutos de medicina legal e ciencias forenses estará destinado o persoal funcionario que se determine nas relacións de postos de traballo. Tamén poderán prestar servizos nos citados institutos os psicólogos, traballadores sociais e o resto de persoal laboral que se determine.»

Oitenta e sete. Modifícase o artigo 480, que queda redactado como segue:

«Artigo 480.

1. O Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses é un órgano técnico adscrito ao Ministerio de Xustiza, cuxa misión principal é auxiliar a Administración de xustiza e contribuír á unidade de criterio científico, á calidade da pericia analítica e ao desenvolvemento das ciencias forenses. Ademais, desenvolverá as seguintes funcións:

a) Emitir os informes e ditames que soliciten as autoridades xudiciais e o Ministerio Fiscal.

b) Practicar as análises e investigacións toxicolóxicas que sexan ordenadas polas autoridades xudiciais, polas gobernativas, polo Ministerio Fiscal e polos médicos forenses no curso das actuacións xudiciais ou nas dilixencias previas de investigación efectuadas polo Ministerio Fiscal.

c) Realizar igualmente as análises e investigacións solicitadas por organismos ou empresas públicas en cuestións que afecten o interese xeral, nos supostos que se prevexan segundo instrucións do Ministerio de Xustiza ou nos termos dos acordos ou convenios realizados para o efecto.

d) Realizar os informes, análises e investigacións solicitados por particulares no curso de procesos xudiciais, ou mesmo á marxe destes nas condicións que se determinen.

e) Difundir os coñecementos en materia toxicolóxica, contribuír á prevención das intoxicacións e atender cantas consultas se lle formulen sobre elas.

f) Actuar como centro de referencia en materias propias da súa actividade en relación cos institutos de medicina legal, así como con outros organismos nacionais e estranxeiros.

g) Efectuar estudos de toxicoloxía e ciencias forenses, nas condicións que se determinen regulamentariamente.

h) Colaborar coas universidades e coas institucións sanitarias e con organismos nacionais e internacionais en todas aquelas materias que contribúan ao desenvolvemento da toxicoloxía e as ciencias forenses, de acordo coas instrucións do Ministerio de Xustiza ou cos acordos ou convenios realizados para o efecto.

2. A organización e supervisión do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses corresponde ao Ministerio de Xustiza. Ten a súa sede en Madrid e o seu ámbito de actuación esténdese a todo o territorio nacional.

A súa estrutura orgánica determinarase mediante real decreto.

Nel prestarán servizos funcionarios dos corpos especiais a que se refiren os puntos seguintes deste artigo. Ademais, poderán prestar servizos funcionarios dos

restantes corpos ao servizo da Administración de xustiza, así como doutras administracións, nas condicións e cos requisitos que se establezan nas correspondentes relacións de postos de traballo, así como, de ser o caso, profesionais ou expertos que sexan necesarios para o desempeño das súas funcións ou outro persoal para realizar actividades propias de oficios ou de carácter instrumental, contratados en réxime laboral.

3. Os facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional de titulados superiores ao servizo da Administración de xustiza. Atendendo á actividade técnica e científica do instituto, dentro do citado corpo poderán establecerse especialidades.

Son funcións do corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses a asistencia técnica nas materias das súas disciplinas profesionais a autoridades xudiciais, gobernativas, ao Ministerio Fiscal e aos médicos forenses, no curso das actuacións xudiciais ou nas dilixencias previas de investigación. Para tal efecto, levarán a cabo as análises e investigación que lles sexan solicitadas, emitirán os ditames e informes pertinentes e remitirán as consultas que lles sexan propostas polas autoridades citadas, así como polos particulares no curso de procesos xudiciais e por organismos ou empresas públicas que afecten o interese xeral, e contribuirán á prevención de intoxicacións.

Prestarán os seus servizos no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como nos institutos de medicina legal e ciencias forenses, nos supostos e condicións que se determinen nas correspondentes relacións de postos de traballo.

4. Os técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional de auxilio especializado ao servizo da Administración de xustiza.

Son funcións do corpo de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses aquelas de auxilio técnico especializado nas actividades científicas e de investigación propias do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Prestarán os seus servizos no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como nos institutos de medicina legal e ciencias forenses, nos supostos e condicións que se determinen nas correspondentes relacións de postos de traballo.

5. Os axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional ao servizo da Administración de xustiza, para realizar funcións de apoio propias da súa formación nas actividades científicas e de investigación deste Instituto, así como dos institutos de medicina legal e ciencias forenses, na forma e cos requisitos e condicións que se establezan nas relacións de postos de traballo dos citados organismos.

6. Os funcionarios dos corpos especiais do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses dependerán xerarquicamente do director deste instituto ou, de ser o caso, do director do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses en que presten servizos.»

Oitenta e oito. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 481, que queda redactado como segue:

«5. Os funcionarios de carreira da Administración de xustiza figurarán na escala por orde de ingreso no corpo con mención de, ao menos, os seguintes datos:

- a) Documento nacional de identidade.
- b) Nome e apelidos.
- c) Tempo de servizos no corpo.»

Oitenta e nove. Modifícase o punto 5 do artigo 482, que queda redactado como segue:

«5. Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade, consideradas como tales as definidas no punto 2 do artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, sempre que superen as probas selectivas e que acrediten o grao de discapacidade e a compatibilidade para o desempeño das funcións e tarefas correspondentes na forma que se determine regulamentariamente.»

Noventa. Modifícase o punto 1 do artigo 485, que queda redactado como segue:

«1. Os procesos de selección poderán incluír a realización dun curso teórico-práctico ou dun período de prácticas, que poderán ter carácter selectivo.

A cualificación obtida servirá para fixar a orde de prelación. Non obstante, se tivesen carácter selectivo, os aspirantes que non o superen poderán repetilo no seguinte, ao cal se incorporarán coa nova promoción. Se tampouco superan este curso perderán o dereito ao seu nomeamento como funcionarios de carreira.»

Noventa e un. Modifícase o punto 2 e engádese un novo punto 6 ao artigo 490, que quedan redactados como segue:

«2. Ademais das prazas que se inclúan para a incorporación de novo persoal na oferta de emprego público de conformidade co previsto no artigo 482, o Ministerio de Xustiza convocará anualmente procesos de promoción interna para cubrir un número de prazas equivalente ao trinta por cento das vacantes que, para cada corpo, sexan obxecto da dita oferta de emprego público.

Con independencia do sinalado no parágrafo anterior, o Ministerio de Xustiza, con carácter extraordinario e logo de autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderá convocar procesos de promoción interna específicos cando as circunstancias na Administración de xustiza o aconsellen.

En ambos os casos, as prazas convocadas pola quenda de promoción interna que non resulten cubertas non poderán en ningún caso acrecentar as convocadas pola quenda libre nin incorporarse á oferta de emprego público.»

«6. Os funcionarios do corpo de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses poderán acceder mediante promoción interna ao corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, sempre que reúnan os requisitos para iso.»

Noventa e dous. Modifícase o punto 1 do artigo 495, que queda redactado como segue:

«1. Os funcionarios de carreira teñen os seguintes dereitos profesionais:

a) A manter a súa condición funcional, ao desempeño efectivo de tarefas ou funcións propias do seu corpo e a non ser removidos do posto de traballo que desempeñen senón nos supostos e condicións establecidos legalmente.

b) A percibir a retribución e as indemnizacións por razón do servizo establecidas na normativa vixente.

c) Á carreira profesional, a través dos mecanismos de promoción profesional que se establezan de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

d) A recibir por parte da Administración a formación necesaria, inicial e continuada, co fin de mellorar as súas capacidades profesionais de forma que lles permita unha mellor e máis pronta adaptación aos seus postos de traballo e lles posibilite a súa promoción profesional.

Co fin de asegurar a homoxeneidade e que as accións formativas que establezan as distintas administracións públicas competentes en materia de xestión de persoal non representen obstáculos na promoción e na mobilidade do persoal ao servizo da Administración de xustiza no territorio do Estado, adoptaranse medidas de coordinación e homologación en materia de formación continua.

e) A seren informados polos seus xefes ou superiores das tarefas ou funcións que deben desempeñar e a participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos.

f) A que se respecte a súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais ou físicas de natureza sexual.

g) Á non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo ou orientación sexual, relixión ou convicións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

h) A vacacións, permisos e licenzas.

i) A recibir protección en materia de seguridade e saúde no traballo, para o cal as administracións competentes adoptarán aquelas medidas que sexan necesarias para a aplicación efectiva da normativa vixente sobre prevención de riscos e saúde laboral, procedendo á avaliación dos riscos iniciais e ao establecemento de plans de emerxencia, así como á creación de servizos de prevención e dun Comité Central de Seguridade e Saúde.

j) Á xubilación.

k) A un réxime de Seguridade Social, que para os funcionarios de carreira e funcionarios en prácticas estará integrado polo réxime xeral da Seguridade Social ou polo réxime de clases pasivas do Estado, en función da data en que adquirisen tal condición, e o mutualismo xudicial, regulado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, e disposicións de desenvolvemento.

l) Aos dereitos previstos no artigo 444.2 desta lei.»

Noventa e tres. Modifícase a letra l) do artigo 497, que queda redactada como segue:

«l) Tratar con corrección e consideración os superiores xerárquicos, compañeiros e subordinados, así como avogados, procuradores e graduados sociais.»

Noventa e catro. Modifícase a letra b) do punto 3 do artigo 498, que queda redactada como segue:

«b) Polo que se refire aos corpos xerais:

1.º O exercicio da avogacía, procuradoría ou da profesión de graduado social e empregos ao servizo de avogados, procuradores e graduados sociais ou calquera outra profesión que habilite para actuar ante xulgados e tribunais.

2.º O desempeño de todo tipo de asesoramento xurídico, sexa retribuído ou non.

3.º A condición de axentes de seguros e a de empregado destes ou dunha compañía de seguros.

4.º O desempeño dos cargos de xerentes, conselleiros ou asesores de empresas que persigan fins lucrativos.

5.º O desempeño de servizos de xestión administrativa, xa sexa como titular ou como empregado de tales oficinas.

6.º O exercicio de funcións periciais privadas ante os tribunais e xulgados.»

Noventa e cinco. Modifícase o punto 4 do artigo 500, que queda redactado como segue:

«4. A distribución da xornada e a fixación dos horarios determinarase a través do calendario laboral que, con carácter anual, aprobará o órgano competente do

Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas con competencias asumidas nos seus respectivos ámbitos, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e negociación coas organizacións sindicais. O calendario laboral determinarase en función do número de horas anuais de traballo efectivo. Poderanse establecer flexibilidades horarias á entrada e saída do traballo, pero garantirase en todo caso un número de horas de obrigada concorrencia continuada.

Os horarios que se establezan deberán respectar en todo caso o horario de audiencia pública.»

Noventa e seis. Modifícase o punto 1 do artigo 502, que queda redactado como segue:

«1. Os funcionarios terán dereito a gozar, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas nas mesmas condicións que as previstas para os funcionarios da Administración xeral do Estado na súa normativa.»

Noventa e sete. Modifícanse os parágrafos segundo e último do punto 5 do artigo 504, que quedan redactados como segue:

«Sen prexuízo da obrigación de comunicar, na forma que regulamentariamente se determine, a imposibilidade de asistencia ao traballo por razón de enfermidade durante a xornada laboral do día en que esta se produza, os funcionarios deberán solicitar da autoridade competente a licenza por enfermidade no cuarto día consecutivo desde que se produciu a ausencia no posto de traballo.»

«A ausencia ao traballo por causa de enfermidade ou accidente que non dea lugar a unha situación de incapacidade temporal comportará a aplicación do desconto en nómina nos termos e condicións que estableza a normativa específica que para o efecto se dite.»

Noventa e oito. Modifícase o parágrafo terceiro do punto 3 do artigo 509, que queda redactado como segue:

«O tempo de permanencia nesta situación será computable para efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa de aplicación. O posto desempeñado reservarase, polo menos, dous anos. Transcorrido este período, esta reserva serao a un posto na mesma localidade e de igual retribución. Os funcionarios nesta situación poderán participar nos cursos de formación que convoque a Administración.»

Noventa e nove. Modifícase a letra A) do punto 3 do artigo 521, que queda redactada como segue:

«A) Centro xestor. Centro de destino.

Para efectos da ordenación dos postos de traballo e da súa ocupación por parte do persoal funcionario, terán a consideración de centros xestores os órganos competentes do Ministerio de Xustiza ou o órgano competente das comunidades autónomas para a xestión do persoal, aos cales corresponderá a formulación da relación de postos de traballo nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Entenderase por centro de destino:

Cada un dos servizos comúns procesuais.

O conxunto de unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais que radiquen no mesmo municipio.

O Rexistro Civil Central e os rexistros civís únicos de cada localidade, onde os haxa.

Cada unha das fiscalías ou adscricións de fiscalías.

Nos institutos de medicina legal, aqueles que a súa norma de creación estableza como tales.

No Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, aqueles que a súa norma de creación estableza como tales.

A Mutualidade Xeral Xudicial.

Cada oficina xudicial de apoio directo a xulgados de paz de máis de 7.000 habitantes ou de menos de 7.000 habitantes, dotados de cadro de persoal funcional en razón da súa carga de traballo.

O Gabinete Técnico do Tribunal Supremo.

As secretarías de goberno.»

Cen. Modifícase o parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 527, que queda redactado como segue:

«Con carácter excepcional poderán ser cubertos temporalmente mediante substitución os postos de traballo que se encontren vacantes ou cando o seu titular estea ausente.»

Cento un. Engádese un novo punto 5 ao artigo 531, que queda redactado como segue:

«5. Con carácter excepcional, poderanse convocar con antelación suficiente concursos de traslados sen resultas para os órganos xudiciais de nova creación co obxecto de que no momento da súa entrada en funcionamento estean dotados de persoal.»

Cento dous. Modifícase o artigo 536, que queda redactado como segue:

«Artigo 536.

As faltas poderán ser moi graves, graves e leves.

a) Considéranse faltas moi graves:

1. O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio da función pública.

2. Toda actuación que supoña discriminación por razón de sexo, raza, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

3. O abandono do servizo.

4. A emisión de informes ou adopción de acordos ou resolucións manifestamente ilegais, cando se cause prexuízo grave ao interese público ou lesionen dereitos fundamentais dos cidadáns.

5. A utilización indebida da documentación ou información a que teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función.

6. A negligencia na custodia de documentos que dea lugar á súa difusión ou coñecemento indebidos.

7. O incumprimento reiterado das funcións inherentes ao posto de traballo ou funcións encomendadas.

8. A utilización das facultades que teña atribuídas, para influír en procesos electorais de calquera natureza e ámbito.

9. O incumprimento grave das decisións xudiciais cuxa execución teñan encomendadas.

10. A desobediencia grave ou reiterada ás ordes ou instrucións verbais ou escritas dun superior emitidas por este no exercicio das súas competencias, referidas a funcións ou tarefas propias do posto de traballo do interesado, salvo que sexan manifestamente ilegais.

11. A utilización da condición de funcionario para a obtención dun beneficio indevido para si ou para un terceiro.

12. A realización de actividades declaradas incompatibles por lei.

13. A inobservancia do deber de abstención, a sabendas de que concorre algunha das causas legalmente previstas.

14. Os actos que impidan o exercicio dos dereitos fundamentais, das liberdades públicas e dos dereitos sindicais.

15. O incumprimento do deber de atender os servizos esenciais en caso de folga.

16. O acoso sexual.

17. A agresión grave a calquera persoa con que se relacionen no exercicio das súas funcións.

18. A arbitrariedade no uso de autoridade que cause prexuízo grave aos subordinados ou ao servizo.

19. As accións e omisións que desen lugar en sentenza firme a unha declaración de responsabilidade civil contraída no exercicio da función por dolo ou culpa grave.

20. A comisión dunha falta grave cando fose anteriormente sancionado por outras dúas graves que adquirisen firmeza, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das anotacións correspondentes.

b) Considéranse faltas graves:

1. A desobediencia expresa ás ordes ou instrucións dun superior, emitidas por este no exercicio das súas competencias, referidas a funcións ou tarefas propias do posto de traballo do interesado, salvo que sexan manifestamente ilegais.

2. O incumprimento das decisións xudiciais cuxa execución lles foi encomendada, cando non constituía falta moi grave.

3. O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións cando non constituía falta moi grave.

4. A negligencia na custodia de documentos, así como a utilización indebida deles ou da información que coñezan por razón do cargo, cando tales condutas non constituían falta moi grave.

5. A terceira falta inustificada de asistencia nun período de tres meses.

6. A negligencia ou atraso inustificado no cumprimento das funcións inherentes ao posto de traballo ou funcións encomendadas cando non constituía un notorio incumprimento delas.

7. O exercicio de calquera actividade susceptible de compatibilidade, conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sen obter a pertinente autorización ou tela obtido con falta de veracidade nos presupostos alegados.

8. A falta de consideración grave cos superiores, iguais ou subordinados, así como cos profesionais ou cidadáns.

9. Causar dano grave nos documentos ou material de traballo, así como nos locais destinados á prestación do servizo.

10. A utilización inadecuada dos medios informáticos e materiais empregados no exercicio das súas funcións e o incumprimento das instrucións facilitadas para a súa utilización, así como a indebida utilización das claves de acceso aos sistemas informáticos.

11. As accións ou omisións dirixidas a eludir os sistemas de control de horarios ou a impedir que sexan detectados os incumprimentos inustificados da xornada de traballo.

12. Deixar de promover a exixencia da responsabilidade disciplinaria que proceda ao persoal que integre a súa oficina, cando coñecesen ou debesen coñecer o incumprimento grave por eles dos deberes que lles correspondan.

13. Obstaculizar os labores de inspección.

14. Promover a súa abstención de forma claramente inxustificada.
15. O reiterado incumprimento do horario de traballo sen causa xustificada.
16. A comisión dunha falta de carácter leve tras ser sancionado anteriormente por resolución firme por outras dúas leves, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das correspondentes anotacións.

c) Considéranse faltas leves:

1. A falta de consideración cos superiores, iguais ou subordinados, así como cos profesionais ou cidadáns, cando non constituía unha infracción máis grave.
2. O incumprimento dos deberes propios do seu cargo ou posto de traballo ou a negligencia no seu desempeño, sempre que tales condutas non constituán infracción máis grave.
3. O atraso inxustificado no cumprimento das súas funcións, cando non constituía falta máis grave.
4. A ausencia inxustificada por un día.
5. O incumprimento do horario de traballo sen causa xustificada cando non constituía falta grave.»

Cento tres. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 538, que queda redactado como segue:

«As sancións que se poden impor aos funcionarios polas faltas cometidas no exercicio do seu cargo son:

- a) Apercibimento.
- b) Suspensión de emprego e soldo.
- c) Traslado forzoso fóra do municipio de destino.
- d) Separación do servizo.
- e) Cesamento no posto de traballo.

As sancións dos parágrafos b) e c) poderán imporse pola comisión de faltas graves e moi graves e a súa duración graduarase en función das circunstancias que concorran no feito obxecto de sanción.

A sanción de separación de servizo só se poderá impor por faltas moi graves.

A suspensión de funcións imposta pola comisión dunha falta moi grave non poderá ser superior a tres anos nin inferior a un ano. Se se impón por falta grave, non excederá un ano.

Os funcionarios aos cales se sancione con traslado forzoso non poderán obter novo destino no municipio de orixe durante tres anos, cando fose imposta por falta moi grave, e durante un, cando correspondese á comisión dunha falta grave.

A sanción de cesamento no posto de traballo só será aplicable aos funcionarios interinos por comisión de faltas graves ou moi graves.

As faltas leves só poderán ser corrixidas con apercibimento.»

Cento catro. Modifícase a rúbrica do título II do libro VII, que queda redactada como segue:

«TÍTULO II

Des avogados, procuradores e graduados sociais»

Cento cinco. Modifícase o artigo 544, que queda redactado como segue:

«Artigo 544.

1. Os avogados, procuradores e graduados sociais, antes de iniciar o seu exercicio profesional, prestarán xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.

2. A colexiación dos avogados, procuradores e graduados sociais será obrigatoria para actuar ante os xulgados e tribunais nos termos previstos nesta lei e pola lexislación xeral sobre colexios profesionais, salvo que actúen ao servizo das administracións públicas ou entidades públicas por razón de dependencia funcional ou laboral.»

Cento seis. Modifícase o artigo 545, que queda redactado como segue:

«Artigo 545.

1. Salvo que a lei dispoña outra cousa, as partes poderán designar libremente os seus representantes e defensores entre os procuradores e avogados que reúnan os requisitos exixidos polas leis.

2. Nos procedementos laborais e da Seguridade Social a representación técnica poderá ser desempeñada por un graduado social, ao cal serán de aplicación as obrigacións inherentes á súa función, de acordo co disposto no seu ordenamento xurídico profesional, neste título e especialmente nos artigos 187, 542.3 e 546.

3. Designaranse de oficio, consonte o que nas leis se estableza, a quen o solicite ou se negue a nomealos e será preceptiva a súa intervención. A defensa ou representación de oficio terá carácter gratuíto para quen acredite insuficiencia de recursos para litigar nos termos que estableza a lei.»

Cento sete. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 546, que quedan redactados como segue:

«1. É obrigación dos poderes públicos garantir a defensa e a asistencia de avogado ou a representación técnica de graduado social nos termos establecidos na Constitución e nas leis.

2. Os avogados, procuradores e graduados sociais están suxeitos no exercicio da súa profesión a responsabilidade civil, penal e disciplinaria, segundo proceda.»

Cento oito. Modifícase o punto 1 do artigo 551, que queda redactado como segue:

«1. A representación e defensa do Estado e dos seus organismos autónomos, así como a representación e defensa dos órganos constitucionais cuxas normas internas non establezan un réxime especial propio, corresponderá aos avogados do Estado integrados no Servizo Xurídico do Estado. Os avogados do Estado poderán representar e defender os restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, nos termos contidos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, e disposicións de desenvolvemento.

A representación e defensa das entidades xestoras, servizos comúns e outros organismos ou entidades de natureza pública, que conforme a lei integran a Administración da Seguridade Social, sen incluír, en consecuencia, a das mutuas colaboradoras da Seguridade Social, corresponderá aos letrados da Administración da Seguridade Social, integrados no Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, sen prexuízo de que, de acordo co que regulamentariamente se determine, tales funcións poidan ser encomendadas a un avogado colexiado especialmente designado para o efecto.»

Cento nove. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 561 e inclúese un novo punto 4, coa seguinte redacción:

«2. O Consello Xeral do Poder Xudicial emitirá o seu informe no prazo improrrogable de trinta días. Se na orde de remisión se fai constar a urxencia do informe, o prazo será de quince días. Excepcionalmente o órgano remitente poderá conceder a prórroga do prazo atendendo ás circunstancias do caso. A duración da

prórroga será de quince días, salvo nos casos en que na orde de remisión se fixese constar a urxencia do informe, caso en que será de dez días.

3. Cando non fose emitido informe nos prazos previstos no punto anterior, considerarase cumprido o dito trámite.

4. O Goberno remitirá o dito informe ás Cortes Xerais no caso de tratarse de anteproxectos de lei.»

Cento dez. Engádesse un novo punto 6 ao artigo 567, que queda redactado como segue:

«6. O cómputo dos prazos nos procedementos de designación de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e de elección do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, así como do vicepresidente do Tribunal Supremo, realizarase por días hábiles cando o prazo se sinale por días, que empezarán a computarse desde o día seguinte, e de data a data cando se fixe en meses ou anos. Cando no mes do vencemento non haxa día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.»

Cento once. Modifícase o punto 1 do artigo 577, que queda redactado como segue:

«1. Contra a proclamación definitiva de candidaturas caberá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous días desde a publicación do acordo. No mesmo acto de interposición deberanse presentar as alegacións que se consideren pertinentes, xunto cos elementos de proba oportunos.»

Cento doce. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 579, redactado como segue:

«5. O presidente, os vogais e o secretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial están suxeitos ao deber de efectuar unha declaración de bens e dereitos e ao control e xestión de activos financeiros de que sexan titulares nos termos previstos nos artigos 17 e 18 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, coas adaptacións que sexan precisas á organización do Consello, que se establecerán no seu regulamento de organización e funcionamento.»

Cento trece. Modifícase o punto 2 do artigo 601, que queda redactado como segue:

«2. A Comisión Permanente estará composta polo presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, que a presidirá, e outros sete vogais: catro dos nomeados pola quenda xudicial e tres dos designados pola quenda de xuristas de recoñecida competencia. Con excepción dos membros da Comisión Disciplinaria, procurarase, logo de proposta do presidente, a rotación anual do resto dos vogais na composición anual da Comisión Permanente.»

Cento catorce. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 609, que quedan redactados como segue:

«2. A Comisión de Asuntos Económicos estará integrada por tres vogais.

3. A Comisión de Asuntos Económicos deberá actuar coa asistencia de todos os seus compoñentes.»

Cento quince. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 610, que quedan redactados como segue:

«1. O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial elixirá anualmente, de entre os seus vogais, e atendendo ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes, os compoñentes da Comisión de Igualdade e designará, entre eles, o seu presidente.

2. A Comisión de Igualdade estará integrada por tres vogais.»

Cento dezaseis. Engádesse unha nova disposición adicional vixésimo primeira, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Apoio xudicial na instrución de causas complexas.*

Ademais do disposto no capítulo IV bis do título II do libro III desta lei, dentro das excepcionais medidas de apoio xudicial, o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, para a mellor instrución de causas complexas e logo de proposta do seu titular, a adscrición a un órgano determinado doutro ou doutros xuíces ou maxistrados que, sen funcións xurisdicionais e baixo a dirección do titular daquel, realicen exclusivamente labores de colaboración, asistencia ou asesoramento. Para idéntico fin e iguais condicións, poderase solicitar a adscrición dun ou varios letrados da Administración de xustiza.

Para tal efecto, o Consello Xeral do Poder Xudicial propondrá un programa concreto de actuación que especifique, en todo caso, o seu obxecto, ámbito de aplicación, duración e tipo de comisións en canto á relevación de funcións. A súa aprobación precisará a autorización do Ministerio de Xustiza.

No caso de que se solicite a adscrición de letrados da Administración de xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial dirixirá a súa petición ao Ministerio para a aprobación das correspondentes comisións.»

Disposición adicional primeira. *Referencias nas normas de data anterior.*

A partir da entrada en vigor desta lei, todas as referencias que se conteñan na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, así como noutras normas xurídicas, a secretarios xudiciais, secretarios substitutos profesionais, Instituto de Medicina Legal e Instituto Nacional de Toxicoloxía deberán entenderse feitas, respectivamente, a letrados da Administración de xustiza, letrados da Administración de xustiza suplentes, Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses e Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Disposición adicional segunda. *Elaboración da escala do corpo de letrados da Administración de xustiza.*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Xustiza deberá elaborar a escala do corpo de letrados da Administración de xustiza.

Disposición adicional terceira. *Probas de especialización.*

O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá convocar, ademais das expresamente previstas nesta lei, outras probas de especialización entre membros de carreira xudicial nas cales se valoren coñecementos específicos dentro das distintas ramas do dereito. A súa superación será considerada como mérito nos concursos que non se resolvan exclusivamente por criterios de antigüidade. Determinaranse regulamentariamente o número, o contido e o desenvolvemento destas probas, que poderá comprender o recoñecemento e valoración das realizadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei. Se desta especialización derivar algún incremento de gasto, será preciso informe favorable da Administración competente para soportar tal gasto.

Disposición adicional cuarta. *Uso obrigatorio das novas tecnoloxías.*

1. A utilización dos sistemas informáticos postos ao servizo da Administración de xustiza será de uso obrigatorio para xuíces e maxistrados.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial, no ámbito das súas competencias, poderá ditar instrucións de obrigado cumprimento co fin de garantir a adecuada utilización dos

recursos materiais que as administracións poñan á disposición de xulgados e tribunais para o desempeño das súas funcións.

3. Non se poderá exixir a cidadáns, profesionais ou administracións que acheguen a documentación que lles sexa requirida ou da cal se pretendan valer en soporte papel, salvo que sexa preciso para determinar a autenticidade do seu contido ou cando legal ou regulamentariamente se autorice de forma expresa.

Disposición adicional quinta. *Pensión de xubilación.*

Aos xuíces, maxistrados, avogados fiscais, fiscais, letrados da Administración de xustiza, docentes universitarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles incluídos no réxime de clases pasivas do Estado que causen ou que causasen pensión de xubilación a partir do 1 de xaneiro de 2015 e que no momento do dito feito causante contén, ao menos, con sesenta e cinco anos de idade cumpridos seralles de aplicación o establecido na disposición adicional vixésimo quinta da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.

Nestes supostos, recoñeceráselles aos interesados unha porcentaxe adicional por cada ano completo de servizos efectivos ao Estado entre a data en que cumpriron sesenta e cinco anos e a do feito causante da pensión, cuxa contía estará en función dos anos de servizo acreditados na primeira das datas indicadas, segundo a escala prevista na disposición adicional mencionada no parágrafo anterior.

Disposición adicional sexta. *Prórroga de servizo activo de fiscais e letrados da Administración de xustiza.*

A referencia realizada no artigo 386 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, ao Consello Xeral do Poder Xudicial deberá entenderse efectuada ao Ministerio de Xustiza cando sexan fiscais ou letrados da Administración de xustiza os que soliciten a prolongación da permanencia no servizo activo.

Disposición transitoria primeira. *Normativa aplicable aos procedementos xudiciais xa iniciados.*

1. Os procedementos que se rexan por normas de competencia xudicial internacional na orde civil iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán tramitándose conforme as normas que rexían na data da súa incoación.

2. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei que con anterioridade eran competencia dos xulgados de instrución e consonte esta son competencia dos xulgados de violencia sobre a muller, continuarán tramitándose conforme as normas que rexían á data da súa incoación.

3. Os procedementos de responsabilidade civil directa de xuíces e maxistrados que se estivesen tramitando no momento de entrada en vigor da lei continuaranse tramitando de acordo coas normas procesuais e substantivas vixentes no momento da súa incoación.

Disposición transitoria segunda. *Réxime do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo.*

1. O procedemento para o nomeamento dos membros do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo previsto nesta lei aplicarase a partir do momento da súa entrada en vigor.

2. Os membros do cadro de persoal do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo pasarán á situación administrativa que corresponda a partir da entrada en vigor desta lei.

3. As prazas de letrados coordinadores no Gabinete Técnico do Tribunal Supremo crearanse por transformación das prazas actualmente existentes de maxistrados no dito gabinete no momento da entrada en vigor desta lei. Calquera modificación do cadro de persoal de letrados coordinadores deberase axustar ao procedemento previsto no primeiro parágrafo do punto 5 do artigo 61 bis da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Aqueles que actualmente desempeñen as funcións de maxistrado do Gabinete Técnico pasarán a ter a consideración de letrados coordinadores durante o tempo polo cal foron nomeados.

4. Os letrados do Gabinete Técnico que non pertencen á carreira xudicial estarán sometidos ao réxime estatutario dos letrados da Administración de xustiza, en canto for aplicable, até a entrada en vigor da lei que regule o estatuto básico dos letrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo.

Disposición transitoria terceira. *Maxistrados e fiscais eméritos.*

1. Aqueles que no momento da entrada en vigor da presente lei estean prestando servizos como maxistrados eméritos ou maxistrados eméritos do Tribunal Supremo poderán continuar prestando os seus servizos como tales durante un período de dous anos a partir da entrada en vigor desta lei e conservarán o seu actual réxime retributivo. Non obstante o anterior, en ningún caso poderán permanecer nesta situación unha vez feitos os setenta e cinco anos.

O mesmo réxime será de aplicación a aqueles que, no momento da entrada en vigor desta lei, reúnan os requisitos previstos para poder ser nomeados como maxistrados eméritos ou maxistrados eméritos do Tribunal Supremo e así o solicitasen.

2. O disposto no punto anterior rexerá para os fiscais que se encontren nas mesmas situacións nel descritas.

Disposición transitoria cuarta. *Secretarios de goberno e secretarios coordinadores.*

1. No momento da entrada en vigor desta lei os secretarios de goberno ou coordinadores nomeados poderán concursar para obter praza e incorporarse así ao réxime que establece a presente lei; para iso terán preferencia absoluta nos dous primeiros concursos que se realicen nos cales se oferten prazas na súa cidade de procedencia ou na do seu actual destino.

Unha vez obtida praza, aplicaráselles o réxime xeral.

2. A aqueles que non concursasen conforme o punto anterior seralles aplicable o seguinte réxime transitorio:

a) Os que cesen no seu cargo ou non renoven quedarán adscritos, á súa elección, ao tribunal ou á Audiencia Provincial da cidade de procedencia ou daquela en que cesen.

b) Durante os dous anos posteriores á data do seu cesamento ou non renovación, poderán optar con carácter preferente a calquera praza de calquera categoría que teñan consolidada das que se deban prover por concurso voluntario, co que se pon fin á situación de adscrición provisional que se regula no punto anterior.

c) De non ter concursado dentro do dito prazo na forma indicada, malia a oferta de postos de traballo na cidade de adscrición que se inclúsen nestes concursos, e unha vez transcorridos os dous anos de adscrición, adxudicaráselles con carácter definitivo o primeiro posto de traballo vacante nesa cidade. O cómputo dos dous anos comezará a contar desde o primeiro concurso que se realice con posterioridade ao seu cesamento ou non renovación.

En sucesivos concursos, de ter consolidada a primeira categoría, o tempo prestado nela computaráselles para efectos de traslados, conforme se indique nas normas de desenvolvemento ou nas mesmas convocatorias.

3. Os secretarios de goberno e coordinadores que no momento da entrada en vigor desta lei estivesen desempeñando o seu segundo ou posterior mandato non poderán optar á renovación para o mesmo posto.

Disposición transitoria quinta. *Plans anuais de suplencias e substitucións.*

Tras a entrada en vigor da presente lei e mentres non se aproben os seguintes plans anuais de suplencias e substitucións de letrados da Administración de xustiza, o secretario

de goberno velará para que as substitucións e chamamentos que cumpra realizar se axusten aos criterios establecidos nesta lei, en canto sexa posible.

Disposición transitoria sexta. *Institutos de medicina legal.*

Naquelas comunidades autónomas ou cidades autónomas en que non estean constituídos os institutos de medicina legal e ciencias forenses, e até o momento en que se constituán, a regulación do artigo 479 entenderase aplicable ás agrupacións de forensías.

Disposición transitoria sétima. *Dilación do requisito de especialidade en Medicina Forense para o acceso ao corpo de médicos forenses.*

A especialidade en Medicina Forense, exixida no artigo 475 desta lei para acceder ao corpo de médicos forenses, non será requisito obrigatorio até que así o determine o Ministerio de Xustiza, unha vez conclúa a súa formación polo sistema de residencia ao menos a primeira promoción destes especialistas e se desenvolvese a vía transitoria de acceso ao dito título para quen acredite unha experiencia profesional, como funcionario do corpo de médicos forenses, non inferior á duración do programa formativo oficial, segundo o procedemento regulado na disposición transitoria quinta do Real decreto 639/2014, do 25 de xullo.

Disposición transitoria oitava. *Pensión de xubilación.*

Os recoñecementos de pensións de xubilación, causadas a partir do 1 de xaneiro de 2015, en que o beneficiario cumpra os requisitos establecidos na disposición adicional quinta desta lei revisaranse de oficio para adecualos ao establecido na dita disposición, con efectos económicos a partir do día primeiro do mes seguinte ao feito causante.

Disposición transitoria novena. *Prazo de solicitude para a prolongación da permanencia no servizo activo.*

O prazo de dous meses previsto no artigo 386 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo non será exixible a quen se xubile entre a data de entrada en vigor da presente lei e o 1 de decembro de 2015.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.*

A Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 8, que queda redactado como segue:

«2. As seccións das audiencias provinciais a que se refire o punto 5 do artigo 3 desta lei, así como os xulgados do penal, os xulgados do contencioso-administrativo, os xulgados do social, os xulgados de menores, os xulgados do mercantil e os xulgados de violencia sobre a muller, con xurisdición de extensión territorial inferior ou superior á dunha provincia, teñen a súa sede na capital do partido que se sinale por lei da correspondente comunidade autónoma e toman o nome do municipio en que aquela estea situada.»

Dous. Modifícase o artigo 23, que queda redactado como segue:

«Artigo 23.

As retribucións dos letrados ao servizo do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo serán as correspondentes a un letrado da Administración de xustiza de

sala do Tribunal Supremo. Non obstante, os letrados que desenvolven labores de coordinación conforme o previsto no punto 4 do artigo 61 bis da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e que ademais pertencen á carreira xudicial, percibirán as previstas no anexo II.2 da Lei 15/2003 para os maxistrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo.»

Tres. Modifícase o anexo III, que queda redactado como segue:

«ANEXO III

Audiencia Nacional

Presidente de Audiencia Nacional.

Sala do Penal:

- 1 Presidente de sala.
- 4 Seccións: composta por 16 maxistrados.

Sala de Apelación:

- 1 Presidente de sala.
- 2 Maxistrados.

Sala do Contencioso-Administrativo:

- 1 Presidente de sala.
- 8 Seccións: composta por 39 maxistrados.

Sala do Social:

- 1 Presidente de sala.
- 2 Maxistrados.

Total: 64 maxistrados.

- 4 maxistrados do Tribunal Supremo, un deles con consideración de presidente de sala.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar.*

A Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 328, que queda redactado como segue:

«Artigo 328.

1. Procederá recurso de revisión contra sentenzas firmes nos seguintes casos:

- 1.º Cando fosen condenadas dúas ou máis persoas en virtude de sentenzas contraditorias por un mesmo feito que non puidese ser cometido máis que por unha soa.

- 2.º Cando fose condenado algún como responsable da morte dunha persoa cuxa existencia se acredite despois da data da sentenza condenatoria.

- 3.º Cando fose condenada unha persoa en sentenza cuxo fundamento fose: un documento ou testemuño declarados despois falsos por sentenza firme en causa criminal, a confesión do reo arrancada con violencia ou coacción ou calquera outro feito punible executado por un terceiro, sempre que tales aspectos resulten tamén declarados por sentenza firme en procedemento seguido para o efecto. Para estes

fins poderán practicarse cantas probas se consideren necesarias para o esclarecemento dos feitos controvertidos no procedemento, e anticiparanse aquelas que por circunstancias especiais poidan logo dificultar e até facer imposible a sentenza firme base da revisión.

4.º Cando fose penada unha persoa en sentenza ditada polo tribunal e algún dos seus membros fose condenado por prevaricación cometida naquela sentenza, ou cando na tramitación da causa se prevaricase en resolución ou trámite esencial de influencia notoria para os efectos da resolución.

5.º Cando sobre os propios feitos ditasen dúas sentenzas firmes e dispares a mesma ou distintas xurisdicións.

6.º Cando despois de ditada sentenza condenatoria se coñecesen probas indubidables suficientes para evidenciar o erro da resolución por ignorancia destas.

2. Así mesmo, poderase interpor recurso de revisión contra unha resolución xudicial firme cando o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarase que esa resolución foi ditada en violación dalgún dos dereitos recoñecidos no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais e os seus protocolos, sempre que a violación, pola súa natureza e gravidade, entrañe efectos que persistan e non poidan cesar de ningún outro modo que non sexa mediante esta revisión.

Nestes casos, os procesos de revisión tramitaranse conforme as normas sobre esta materia contidas na Lei de axuízamento criminal e non será de aplicación o previsto nos artigos 329 a 333, 335 e 336. Aplicaranse as regras sobre lexitimación previstas na dita lei para ese tipo de procesos.

Igualmente, as sentenzas que se diten en tales procesos terán os efectos previstos para este caso na Lei de axuízamento criminal.»

Dous. Modifícase o artigo 336, que queda redactado como segue:

«Artigo 336.

O proceso de revisión tramitarase, con citación dos penados e solicitantes, conforme as normas sobre esta materia contidas nas leis comúns, con excepción do disposto nos dous últimos parágrafos do artigo 328.2.»

Tres. Modifícase o artigo 504, que queda redactado como segue:

«Artigo 504.

1. As sentenzas firmes ditadas en recurso contencioso-disciplinario militar pola Sala do Militar do Tribunal Supremo, así como os autos tamén firmes, a que se refire o artigo 478, ditados pola dita sala, poderán ser obxecto de recurso de revisión nos seguintes casos:

- a) Se a parte dispositiva da sentenza contén contradicións nas súas decisións.
- b) Se se ditaron resolucións contrarias entre si respecto aos mesmos litigantes ou outros diferentes en idéntica situación, onde segundo feitos, fundamentos e pretensións substancialmente iguais se chegue a pronunciamentos distintos.
- c) Se despois de pronunciada a sentenza se recobran documentos decisivos, detidos por forza maior ou por obra da parte en cuxo favor se ditase.
- d) Se se ditase a sentenza en virtude de documentos que ao tempo de ditarse unha das partes ignoraba que foran recoñecidos e declarados falsos ou cuxa falsidade se recoñecese ou declarase despois.
- e) Se, téndose ditado a sentenza en virtude de proba testifical, fosen as testemuñas condenadas por falso testemuño nas declaracións constitutivas daquela.
- f) Se a sentenza se ganase inxustamente en virtude de prevaricación, suborno, violencia ou outra maquinación fraudulenta.

g) Se a sentenza se ditase con infracción do disposto no artigo 490 ou se nela non se resolverse algunha das cuestións presentadas na demanda e contestación.

2. Así mesmo, poderase interpor recurso de revisión contra unha resolución xudicial firme cando o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarase que tal resolución foi ditada en violación dalgún dos dereitos recoñecidos no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais e os seus protocolos, sempre que a violación, pola súa natureza e gravidade, entrañe efectos que persistan e non poidan cesar de ningún outro modo que non sexa mediante esta revisión.

3. No referente a lexitimación, termos e procedementos respecto a este recurso, rexerán as disposicións da Lei de axuízamento civil.

Exceptúanse os casos previstos nos puntos a), b) e g) deste artigo, nos cales o recurso de revisión deberá formularse no prazo dun mes, contado desde a notificación da firmeza da sentenza.

O recurso interporase ante a Sala do Tribunal Supremo a que se refire o artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial.»

Catro. Modifícase o artigo 505, que queda redactado como segue:

«Artigo 505.

Contra as sentenzas firmes ditadas pola Sala de Xustiza do Tribunal Militar Central ou polos tribunais militares territoriais poderase interpor recurso de revisión ante a Sala do Militar do Tribunal Supremo nos mesmos prazos e por iguais trámites que os sinalados no punto 3 do artigo anterior.

Este recurso poderá fundamentarse nos mesmos motivos que os relacionados nos puntos 1 e 2 do artigo anterior, salvo os recollidos nas letras a), b) e g) do punto 1.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

A Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, queda modificada nos seguintes termos:

Un. A sección 3.^a do capítulo III do título IV, integrada polos artigos 86 a 93, queda redactada da seguinte forma, e suprimense os artigos 94 e 95:

«Sección 3.^a *Recurso de casación*

Artigo 86.

1. As sentenzas ditadas en única instancia polos xulgados do contencioso-administrativo e as ditadas en única instancia ou en apelación pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional e polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza serán susceptibles de recurso de casación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.

No caso das sentenzas ditadas en única instancia polos xulgados do contencioso-administrativo, unicamente serán susceptibles de recurso as sentenzas que conteñan doutrina que se reputa gravemente danosa para os intereses xerais e sexan susceptibles de extensión de efectos.

2. Exceptúanse do establecido no punto anterior as sentenzas ditadas no procedemento para a protección do dereito fundamental de reunión e nos procesos contencioso-electorais.

3. As sentenzas que, sendo susceptibles de casación, fosen ditadas polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza só serán impugnables ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo se o

recurso pretende fundarse en infracción de normas de dereito estatal ou da Unión Europea que sexa relevante e determinante da resolución impugnada, sempre que fosen invocadas oportunamente no proceso ou consideradas pola sala sentenciadora.

Cando o recurso se funde en infracción de normas emanadas da comunidade autónoma será competente unha sección da Sala do Contencioso-Administrativo que teña a súa sede no Tribunal Superior de Xustiza composta polo presidente da dita sala, que a presidirá, polo presidente ou presidentes das demais salas do contencioso-administrativo e, de ser o caso, das súas seccións, en número non superior a dous, e polos maxistrados da referida sala ou salas que sexan necesarios para completar un total de cinco membros.

Se a sala ou salas do contencioso-administrativo teñen máis dunha sección, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza establecerá para cada ano xudicial a quenda consonte a cal os presidentes de sección ocuparán os postos da regulada neste punto. Tamén a establecerá entre todos os maxistrados que presten servizo na sala ou salas.

4. As resolucións do Tribunal de Contas en materia de responsabilidade contable serán susceptibles de recurso de casación nos casos establecidos na súa lei de funcionamento.

Artigo 87.

1. Tamén son susceptibles de recurso de casación os seguintes autos ditados pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional e polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza, coa mesma excepción e igual límite dispostos nos puntos 2 e 3 do artigo anterior:

- a) Os que declaren a inadmisión do recurso contencioso-administrativo ou fagan imposible a súa continuación.
- b) Os que poñan termo á peza separada de suspensión ou doutras medidas cautelares.
- c) Os ditados en execución de sentenza, sempre que resolvan cuestións non decididas, directa ou indirectamente, naquela ou que contradigan os termos da resolución que se executa.
- d) Os ditados no caso previsto no artigo 91.
- e) Os ditados en aplicación dos artigos 110 e 111.

2. Para que se poida preparar o recurso de casación nos casos previstos no punto anterior, é requisito necesario interpor previamente o recurso de súplica.

Artigo 87 bis.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 93.3, o recurso de casación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo limitarase ás cuestións de dereito, con exclusión das cuestións de feito.

2. As pretensións do recurso de casación deberán ter por obxecto a anulación, total ou parcial, da sentenza ou auto impugnado e, de ser o caso, a devolución dos autos ao tribunal de instancia ou a resolución do litixio pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo dentro dos termos en que aparece formulado o debate.

3. A Sala de Goberno do Tribunal Supremo poderá determinar, mediante acordo que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», a extensión máxima e outras condicións extrínsecas, incluídas as relativas á súa presentación por medios telemáticos, dos escritos de interposición e de oposición dos recursos de casación.

Artigo 88.

1. O recurso de casación poderá ser admitido a trámite cando, invocada unha concreta infracción do ordenamento xurídico, tanto procesual como substantiva, ou da xurisprudencia, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo considere que o recurso presenta interese casacional obxectivo para a formación de xurisprudencia.

2. O tribunal de casación poderá apreciar que existe interese casacional obxectivo, que motivará expresamente no auto de admisión, cando, entre outras circunstancias, a resolución que se impugna:

a) Fixe, ante cuestións substancialmente iguais, unha interpretación das normas de dereito estatal ou da Unión Europea en que se fundamenta a resolución contraditoria coa que outros órganos xurisdiccionais establecesen.

b) Sente unha doutrina sobre as ditas normas que poida ser gravemente danosa para os intereses xerais.

c) Afecte un gran número de situacións, ben en si mesma ou por transcender do caso obxecto do proceso.

d) Resolva un debate que versase sobre a validez constitucional dunha norma con rango de lei, sen que a improcedencia de interpor a pertinente cuestión de inconstitucionalidade apareza suficientemente esclarecida.

e) Interprete e aplique aparentemente con erro e como fundamento da súa decisión unha doutrina constitucional.

f) Interprete e aplique o dereito da Unión Europea en contradición aparente coa xurisprudencia do tribunal de xustiza ou en supostos en que aínda poida ser exixible a intervención deste a título prexudicial.

g) Resolva un proceso en que se impugnou, directa ou indirectamente, unha disposición de carácter xeral.

h) Resolva un proceso en que o impugnado foi un convenio celebrado entre administracións públicas.

i) Fose ditada no procedemento especial de protección de dereitos fundamentais.

3. Presumirase que existe interese casacional obxectivo:

a) Cando na resolución impugnada se aplicasen normas nas cales se sustente a razón de decidir sobre as cales non exista xurisprudencia.

b) Cando a dita resolución se aparte deliberadamente da xurisprudencia existente ao considerala errónea.

c) Cando a sentenza impugnada declare nula unha disposición de carácter xeral, salvo que esta, con toda evidencia, careza de transcendencia suficiente.

d) Cando resolva recursos contra actos ou disposicións dos organismos reguladores ou de supervisión ou axencias estatais cuxo axuizamento corresponde á Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

e) Cando resolva recursos contra actos ou disposicións dos gobernos ou consellos de goberno das comunidades autónomas.

Non obstante, nos supostos referidos nas letras a), d) e e), o recurso poderá inadmitirse por auto motivado cando o tribunal aprecie que o asunto carece manifestamente de interese casacional obxectivo para a formación de xurisprudencia.

Artigo 89.

1. O recurso de casación prepararase ante a sala de instancia no prazo de trinta días, contados desde o seguinte ao da notificación da resolución contra a cal

se recorre, e estará lexitimado para iso quen fose parte no proceso ou debese telo sido.

2. O escrito de preparación deberá, en puntos separados que se encabezarán cunha epígrafe expresiva daquilo de que tratan:

a) Acreditar o cumprimento dos requisitos regrados no que se refire ao prazo, á lexitimación e á impugnabilidade da resolución que se impugna.

b) Identificar con precisión as normas ou a xurisprudencia que se consideran infrinxidas, xustificando que foron alegadas no proceso ou tomadas en consideración pola sala de instancia, ou que esta debería telas observado mesmo sen seren alegadas.

c) Acreditar, se a infracción imputada o é de normas ou de xurisprudencia relativas aos actos ou garantías procesuais que produciu indefensión, que se pediu a emenda da falta ou transgresión na instancia, de ter existido momento procesual oportuno para iso.

d) Xustificar que a ou as infraccións imputadas foron relevantes e determinantes da decisión adoptada na resolución que se pretende impugnar.

e) Xustificar, no caso de que esta fose ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo dun tribunal superior de xustiza, que a norma supostamente infrinxida forma parte do dereito estatal ou do da Unión Europea.

f) Especialmente, fundamentar con singular referencia ao caso que concorren algún ou algúns dos supostos que, consonte os puntos 2 e 3 do artigo anterior, permiten apreciar o interese casacional obxectivo e a conveniencia dun pronunciamento da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.

3. Se o escrito de preparación non se presenta no prazo de trinta días, a sentenza ou auto quedará firme e así o declarará o letrado da Administración de xustiza mediante decreto. Contra esta decisión só caberá o recurso directo de revisión regulado no artigo 102 bis desta lei.

4. Se, mesmo presentado en prazo, non cumpre os requisitos que impón o punto 2 deste artigo, a sala de instancia, mediante auto motivado, terá por non preparado o recurso de casación e denegará o emprazamento das partes e a remisión das actuacións ao Tribunal Supremo. Contra este auto unicamente poderá interperse recurso de queixa, que se tramitará na forma establecida pola Lei de axuizamento civil.

5. De se cumpriren os requisitos exixidos polo punto 2, a sala, mediante auto en que se motivará suficientemente a súa concorrencia, terá por preparado o recurso de casación e ordenará o emprazamento das partes para a súa comparecencia dentro do prazo de trinta días ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, así como a remisión a esta dos autos orixinais e do expediente administrativo E, se o entende oportuno, emitirá opinión sucinta e fundada sobre o interese obxectivo do recurso para a formación de xurisprudencia, que unirá ao oficio de remisión.

6. Contra o auto en que se teña por preparado o recurso de casación, a parte impugnada non poderá interpor ningún recurso, pero poderá oporse á súa admisión ao tempo de comparecer ante o Tribunal Supremo, se o fai dentro do termo do emprazamento.

Artigo 90.

1. Unha vez recibidos os autos orixinais e o expediente administrativo, a Sección da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo a que se refire o punto seguinte poderá acordar, excepcionalmente e só se as características do asunto o aconsellan, oír as partes que compareceron durante o prazo común de trinta días acerca de se o recurso presenta interese casacional obxectivo para a formación de xurisprudencia.

2. A admisión ou inadmisión a trámite do recurso será decidida por unha sección da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo integrada polo presidente da sala e por, ao menos, un maxistrado de cada unha das súas restantes seccións. Con excepción do presidente da sala, a dita composición renovarase por metade transcorrido un ano desde a data da súa primeira constitución e no sucesivo cada seis meses, mediante acordo da Sala de Goberno do Tribunal Supremo, que determinará os seus integrantes para cada un dos citados períodos e que se publicará na páxina web do poder xudicial.

3. A resolución sobre a admisión ou inadmisión do recurso adoptará a seguinte forma:

a) Nos supostos do punto 2 do artigo 88, en que se debe apreciar a existencia de interese casacional obxectivo para a formación de xurisprudencia, a resolución adoptará a forma de providencia, se decide a inadmisión, e de auto, se acorda a admisión a trámite. Non obstante, se o órgano que ditou a resolución impugnada emitise no trámite que prevé o artigo 89.5 opinión que, ademais de fundada, sexa favorable á admisión do recurso, a inadmisión acordarase mediante auto motivado.

b) Nos supostos do punto 3 do artigo 88, en que se presume a existencia de interese casacional obxectivo, a inadmisión acordarase mediante auto motivado en que se xustificará que concorren as excepcións que naquel se establecen.

4. Os autos de admisión precisarán a cuestión ou cuestións en que se entende que existe interese casacional obxectivo e identificarán a norma ou normas xurídicas que en principio serán obxecto de interpretación, sen prexuízo de que a sentenza teña que estenderse a outras se así o exige o debate finalmente trabado no recurso. As providencias de inadmisión unicamente indicarán se no recurso de casación concorre unha destas circunstancias:

a) Ausencia dos requisitos regrados de prazo, lexitimación ou impugnabilidade da resolución impugnada;

b) Incumprimento de calquera das exixencias que o artigo 89.2 impón para o escrito de preparación;

c) Non ser relevante e determinante da resolución ningunha das infraccións denunciadas; ou

d) Carencia no recurso de interese casacional obxectivo para a formación de xurisprudencia.

5. Contra as providencias e os autos de admisión ou inadmisión non caberá ningún recurso.

6. O letrado da Administración de xustiza de sala comunicará inmediatamente á sala de instancia a decisión adoptada e, se é de inadmisión, devolveralle as actuacións procesuais e o expediente administrativo recibidos.

7. Os autos de admisión do recurso de casación publicaranse na páxina web do Tribunal Supremo. Con periodicidade semestral, a súa Sala do Contencioso-Administrativo fará público, na mencionada páxina web e no «Boletín Oficial del Estado», a listaxe de recursos de casación admitidos a trámite, con mención sucinta da norma ou normas que serán obxecto de interpretación e da programación para a súa resolución.

8. A inadmisión a trámite do recurso de casación comportará a imposición das custas á parte recorrente. Tal imposición poderá ser limitada a unha parte delas ou até unha cifra máxima.

Artigo 91.

1. A preparación do recurso de casación non impedirá a execución provisional da sentenza impugnada.

As partes favorecidas pola sentenza poderán instar a súa execución provisional. Cando desta poidan derivar prexuízos de calquera natureza, poderanse acordar as medidas que sexan adecuadas para evitar ou paliar tales prexuízos. Igualmente, poderase exixir a presentación de caución ou garantía para responder daqueles. Non se poderá levar a efecto a execución provisional até que a caución ou a medida acordada estea constituída e acreditada en autos.

2. A constitución da caución axustarase ao establecido no artigo 133.2 desta lei.

3. O tribunal de instancia denegará a execución provisional cando poida crear situacións irreversibles ou causar prexuízos de difícil reparación.

4. Cando se teña por preparado un recurso de casación, o letrado da Administración de xustiza deixará testemuño bastante dos autos e da resolución impugnada para os efectos previstos neste artigo.

Artigo 92.

1. Admitido o recurso, o letrado da Administración de xustiza da Sección de Admisión da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo ditará dilixencia de ordenación en que disporá remitir as actuacións á sección da dita sala competente para a súa tramitación e decisión e na cal fará saber á parte recorrente que dispón dun prazo de trinta días, contado desde a notificación daquela, para presentar na secretaría desa sección competente o escrito de interposición do recurso de casación. Durante este prazo, as actuacións procesuais e o expediente administrativo estarán de manifesto na oficina xudicial.

2. Transcorrido o dito prazo sen presentar o escrito de interposición, o letrado da Administración de xustiza declarará deserto o recurso e ordenará a devolución das actuacións recibidas á sala de que procedan. Contra tal declaración só se poderán interpor os recursos que prevé o artigo 102 bis desta lei.

3. O escrito de interposición deberá, en puntos separados que se encabezarán cunha epígrafe expresiva daquilo de que tratan:

a) Expor razoadamente por que foron infrinxidas as normas ou a xurisprudencia que como tales se identificaron no escrito de preparación, sen poder estenderse a outra ou outras non consideradas entón e analizar, e non só citar, as sentenzas do Tribunal Supremo que a xuízo da parte son expresivas daquela xurisprudencia, para xustificar a súa aplicabilidade ao caso; e

b) Precisar o sentido das pretensións que a parte deduce e dos pronunciamentos que solicita.

4. Se o escrito de interposición non cumpre o exixido no punto anterior, a Sección da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo competente para a resolución do recurso acordará oír a parte recorrente sobre o incumprimento detectado e, sen máis trámites, ditará sentenza en que o inadmitirá se entende tras a audiencia que o incumprimento foi certo. Nela imporá á dita parte as custas causadas. Tal imposición poderá ser limitada a unha parte delas ou até unha cifra máxima.

5. Noutro caso, acordará dar traslado do escrito de interposición á parte ou partes impugnadas e que compareceron para que se poidan opor ao recurso no prazo común de trinta días. Durante este prazo estarán de manifesto as actuacións procesuais e o expediente administrativo na oficina xudicial. No escrito de oposición non se poderá pretender a inadmisión do recurso.

6. Transcorrido o dito prazo, presentados ou non os escritos de oposición, a sección competente para a decisión do recurso, de oficio ou por petición de calquera das partes formulada por outrosí nos escritos de interposición ou oposición, acordará a celebración de vista pública salvo que entenda que a índole do asunto a fai innecesaria, caso en que declarará que o recurso queda concluso e pendente de votación e resolución. O sinalamento do día en que se teña que celebrar a vista ou

en que deba ter lugar o acto de votación e resolución respectará a programación que, atendendo prioritariamente ao criterio de maior antigüidade do recurso, se puidese establecer.

7. Cando a índole do asunto o aconsellase, o presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, de oficio ou por petición da maioría dos maxistrados da sección antes indicada, poderá acordar que os actos de vista pública ou de votación e resolución teñan lugar ante o Pleno da sala.

8. A sección competente, ou o Pleno da sala no caso previsto no punto anterior, ditará sentenza no prazo de dez días desde que termine a deliberación para votación e resolución.

Artigo 93.

1. A sentenza fixará a interpretación daquelas normas estatais ou a que teña por establecida ou clara das da Unión Europea sobre as cales, no auto de admisión a trámite, se considerou necesario o pronunciamento do Tribunal Supremo. E, consonte ela e as restantes normas que sexan aplicables, resolverá as cuestións e pretensións deducidas no proceso, anulando a sentenza ou auto impugnado, en todo ou en parte, ou confirmándoos. Poderá, así mesmo, cando xustifique a súa necesidade, ordenar a retroacción de actuacións a un momento determinado do procedemento de instancia para que siga o curso ordenado pola lei até a súa culminación.

2. Se aprecia que a orde xurisdiccional contencioso-administrativa non é competente para o coñecemento daquelas pretensións, ou que non o era o órgano xudicial de instancia, anulará a resolución impugnada e indicará, no primeiro caso, a concreta orde xurisdiccional que se xulga competente, cos efectos que prevé o artigo 5.3 desta lei, ou remitirá, no segundo, as actuacións ao órgano xudicial que debese coñecer delas.

3. Na resolución da concreta controversia xurídica que é obxecto do proceso, o Tribunal Supremo poderá integrar nos feitos admitidos como probados pola sala de instancia aqueles que, tendo sido omitidos por esta, estean suficientemente xustificadas segundo as actuacións e cuxa toma en consideración resulte necesaria para apreciar a infracción alegada das normas do ordenamento xurídico ou da xurisprudencia, incluso a desviación de poder.

4. A sentenza que se dite no momento procesual a que se refire o punto 8 do artigo anterior resolverá sobre as custas da instancia conforme o establecido no artigo 139.1 desta lei e disporá, en canto ás do recurso de casación, que cada parte aboe as causadas pola súa instancia e as comúns por metade. Non obstante, poderá impor as do recurso de casación a unha soa delas cando a sentenza aprecie, e así o motive, que actuou con mala fe ou temeridade, imposición que poderá limitar a unha parte delas ou até unha cifra máxima.»

Dous. Suprímense as seccións 4.^a e 5.^a do capítulo III do título IV, integradas polos artigos 96 a 101.

Tres. Modifícase o artigo 102, que queda redactado como segue:

«Artigo 102.

1. Procederá a revisión dunha sentenza firme:

a) Se despois de pronunciada se recobran documentos decisivos, non achegados por causa de forza maior ou por obra da parte en cuxo favor se ditase.

b) Se se ditase en virtude de documentos que, ao tempo de ditarse aquela, unha das partes ignoraba que foran recoñecidos e declarados falsos ou cuxa falsidade se recoñecese ou declarase despois.

c) Se, téndose ditado en virtude de proba testifical, as testemuñas fosen condenadas por falso testemuño dado nas declaracións que serviron de fundamento á sentenza.

d) Se se ditase sentenza en virtude de suborno, prevaricación, violencia ou outra maquinación fraudulenta.

2. Así mesmo, poderase interpor recurso de revisión contra unha resolución xudicial firme cando o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarase que a resolución foi ditada en violación dalgún dos dereitos recoñecidos no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais e os seus protocolos, sempre que a violación, pola súa natureza e gravidade, entrañe efectos que persistan e non poidan cesar de ningún outro modo que non sexa mediante esta revisión, sen que esta poida prexudicar os dereitos adquiridos de boa fe por terceiras persoas.

3. No referente a lexitimación, prazos, procedemento e efectos das sentenzas ditadas neste procedemento de revisión, rexerán as disposicións da Lei de axuízamento civil. Non obstante, só procederá a celebración de vista cando o pidan todas as partes ou a sala o considere necesario.

4. A revisión en materia de responsabilidade contable procederá nos casos establecidos na Lei de funcionamento do Tribunal de Contas.»

Catro. Introdúcese un novo punto 3 no artigo 108, coa seguinte redacción:

«3. O xuíz ou tribunal, nos casos en que, ademais de declarar contraria á normativa a construción dun inmovible, ordene motivadamente a súa demolición e a reposición ao seu estado orixinario da realidade física alterada, exixirá, como condición previa á demolición, e salvo que unha situación de perigo inminente o impida, a prestación de garantías suficientes para responder do pagamento das indemnizacións debidas a terceiros de boa fe.»

Cinco. Modifícase o artigo 139, que queda redactado como segue:

«Artigo 139.

1 En primeira ou única instancia, o órgano xurisdiccional, ao ditar sentenza ou ao resolver mediante auto os recursos ou incidentes que ante el se promovan, imporá as custas á parte que vise rexeitadas todas as súas pretensións, salvo que aprecie e así o razoe que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.

Nos supostos de estimación ou desestimación parcial das pretensións, cada parte aboará as custas causadas pola súa instancia e as comúns por metade, salvo que o órgano xurisdiccional, razoándoo debidamente, as impoña a unha delas por ter sostido a súa acción ou interposto o recurso con mala fe ou temeridade.

2. Nos recursos imporánselle as custas ao recorrente se se desestima totalmente o recurso, salvo que o órgano xurisdiccional, razoándoo debidamente, aprecie a concorrencia de circunstancias que xustifiquen a súa non imposición.

3. No recurso de casación imporáanse as custas de conformidade co previsto no artigo 93.4.

4. A imposición das custas poderá ser á totalidade, a unha parte destas ou até unha cifra máxima.

5. Para a exacción das custas impostas a particulares, a Administración acreedora utilizará o procedemento de constrinximento, na falta de pagamento voluntario.

6. En ningún caso se imporán as custas ao Ministerio Fiscal.

7. As custas causadas nos autos serán reguladas e taxadas segundo o disposto na Lei de axuízamento civil.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 45, que queda redactado como segue:

«Artigo 45. *Competencia dos xulgados de primeira instancia.*

1. Corresponde aos xulgados de primeira instancia o coñecemento, en primeira instancia, de todos os asuntos civís que por disposición legal expresa non se estean atribuídos a outros tribunais.

2. Coñecerán, así mesmo, eses xulgados:

a) Dos asuntos, actos, cuestións e recursos que lles atribúe a Lei orgánica do poder xudicial.

b) Dos concursos de persoa natural que non sexa empresario.»

Dous. Modifícase o artigo 115, que queda redactado como segue:

«Artigo 115. *Recusación. Competencia para instruír e resolver os incidentes de recusación.*

1. Serán aplicables á recusación dos secretarios as prescricións que establece a Lei orgánica do poder xudicial para xuíces e maxistrados, coas seguintes especialidades:

a) Os secretarios xudiciais non poderán ser recusados durante a práctica de calquera dilixencia ou actuación de que estean encargados.

b) A peza de recusación resolveraa o secretario de goberno respectivo, logo de instrución do incidente polo secretario coordinador correspondente ou, de ser o caso, secretario xudicial que aquel designe.»

Tres. Modifícase o artigo 116, que queda redactado como segue:

«Artigo 116. *Informe do recusado.*

Unha vez presentado o escrito de recusación, o secretario xudicial recusado informará detalladamente por escrito se recoñece ou non como certa e lexítima a causa alegada, e dará traslado do dito escrito ao secretario coordinador correspondente para que este dea conta ao secretario de goberno ou, de ser o caso, directamente ao secretario de goberno que deba coñecer da recusación.»

Catro. Modifícase o artigo 117, que queda redactado como segue:

«Artigo 117. *Aceptación da recusación polo recusado.*

1. Cando o recusado recoñeza como certa a causa da recusación, o secretario de goberno ditará decreto, sen máis trámites e sen ulterior recurso, en que o terá por recusado, se considera que a causa é legal.

2. Se considera que a causa non é das tipificadas na lei, declarará que non procede a recusación. Contra este decreto non caberá ningún recurso.»

Cinco. Modifícase o artigo 118, que queda redactado como segue:

«Artigo 118. *Oposición do recusado e tramitación da recusación.*

Cando o recusado negue a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, se o instrutor admite a trámite a recusación proposta, o secretario coordinador ordenará a práctica, no prazo de dez días, da proba solicitada que

considere pertinente e útil e darase traslado ao Ministerio Fiscal por prazo de tres días. Transcorrido este prazo, con ou sen informe do Ministerio Fiscal, remitirao ao secretario de goberno, quen decidirá o incidente dentro dos cinco días seguintes. Contra esta resolución non caberá ningún recurso.»

Seis. Engádesse un novo punto 4 ao artigo 138, que queda redactado como segue:

«4. Deberase publicar a relación de sinalamentos do órgano xudicial. Os secretarios xudiciais velarán para que os funcionarios competentes da oficina xudicial publiquen nun lugar visible ao público, o primeiro día hábil de cada semana, a relación de sinalamentos correspondentes ao seu respectivo órgano xudicial, con indicación da data e hora da súa celebración, tipo de actuación e número de procedemento.»

Sete. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 140, que quedan redactados como segue:

«1. Os letrados da Administración de xustiza e funcionarios competentes da oficina xudicial facilitarán a calquera persoa que acredite un interese lexítimo e directo cando solicita información sobre o estado das actuacións xudiciais, que poderá examinar e coñecer, salvo que sexan ou fosen declaradas reservadas conforme a lei. Tamén poderán pedir aquelas, pola súa conta, a obtención de copias simples de escritos e documentos que consten nos autos, non declarados reservados.

2. Por petición das persoas a que se refire o punto anterior, e pola súa conta, o letrado da Administración de xustiza expedirá os testemuños e certificados que soliciten, con expresión do seu destinatario.»

Oito. Modifícase o artigo 147, que queda redactado como segue:

«Artigo 147. *Documentación das actuacións mediante sistemas de gravación e reprodución da imaxe e do son.*

As actuacións orais en vistas, audiencias e comparecencias celebradas ante o tribunal rexistraranse en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe.

Sempre que se conte cos medios tecnolóxicos necesarios, o secretario xudicial garantirá a autenticidade e integridade do gravado ou reproducido mediante a utilización da sinatura electrónica recoñecida ou outro sistema de seguridade que conforme a lei ofrezca tales garantías. Neste caso, a celebración do acto non requirirá a presenza na sala do secretario xudicial salvo que o solicitasen as partes ao menos dous días antes da celebración da vista, ou que excepcionalmente o considere necesario o secretario xudicial atendendo á complexidade do asunto, ao número e natureza das probas que se deben practicar, ao número de intervenientes, á posibilidade de que se produzan incidencias que non se poidan rexistrar, ou á concorrencia doutras circunstancias igualmente excepcionais que o xustifiquen. Nestes casos, o secretario xudicial expedirá acta sucinta nos termos previstos no artigo anterior.

As actuacións orais e vistas gravadas e documentadas en soporte dixital non se poderán transcribir, salvo naqueles casos en que unha lei así o determine.

O secretario xudicial deberá custodiar o documento electrónico que sirva de soporte á gravación. As partes poderán pedir, pola súa conta, copia das gravacións orixinais.»

Novo. Modifícase o punto 2 do artigo 212, que queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 236 quinquies da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial,

permitiráselle a calquera interesado o acceso ao texto das sentenzas ou a determinados aspectos delas. Este acceso só se poderá levar a cabo logo de disociación dos datos de carácter persoal que estes conteñan e con pleno respecto ao dereito á intimidade, aos dereitos das persoas que requiran un especial deber de tutela, á garantía do anonimato dos prexudicados, cando proceda, así como, con carácter xeral, para evitar que as sentenzas poidan ser usadas con fins contrarios ás leis.»

Dez. Modifícase o artigo 266, que queda redactado como segue:

«Artigo 266. *Documentos exixidos en casos especiais.*

Deberanse xuntar á demanda:

1.º Os documentos que xustifiquen cumpridamente o título en cuxa virtude se piden alimentos, cando este sexa o obxecto da demanda.

2.º Os documentos que constitúan un principio de proba do título en que se funden as demandas de retracto e, cando a consignación do prezo se exixa por lei ou por contrato, o documento que acredite ter consignado, se for coñecido, o prezo da cousa obxecto de retracto ou terse constituído caución que garanta a consignación en canto o prezo se coñecer.

3.º O documento en que conste fidedignamente a sucesión *mortis causa* en favor do demandante, así como a relación das testemuñas que poidan declarar sobre a ausencia de posuidor a título de dono ou usufrutuario, cando se pretenda que o tribunal poña o demandante en posesión duns bens que se afirme que foron adquiridos en virtude daquela sucesión.

4.º Aqueloutros documentos que esta ou outra lei exixa expresamente para a admisión da demanda.»

Once. Modifícase o artigo 403, que queda redactado como segue:

«Artigo 403. *Admisión e casos excepcionais de inadmisión da demanda.*

1. As demandas só se inadmitirán nos casos e polas causas expresamente previstas nesta lei.

2. Non se admitirán as demandas cando non se acheguen con ela os documentos que a lei expresamente exixa para a admisión daquelas ou non se intentasen conciliacións ou efectuasen requirimentos, reclamacións ou consignacións que se exixan en casos especiais.»

Doce. Modifícase o punto 2 do artigo 483, que queda redactado como segue:

«2. Procederá a inadmisión do recurso de casación:

1.º Se o recurso é improcedente, por non ser impugnabile a sentenza ou por calquera outro defecto de forma non emendable.

2.º Se o escrito de interposición do recurso non cumpre os requisitos establecidos, para os distintos casos, nesta lei.

3.º Se o asunto non alcanza a contía requirida, ou non existe interese casacional por inexistencia de oposición a doutrina xurisprudencial, por falta de xurisprudencia contraditoria ou se a norma que se pretende infrinxida leva vixente máis de cinco anos ou, a xuízo da Sala, existe doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo sobre a dita norma ou sobre outra anterior de contido igual ou similar.

Así mesmo, inadmitirase o recurso nos casos do segundo parágrafo do artigo 477.3, cando o Tribunal Superior de Xustiza correspondente considere que sentou doutrina sobre a norma discutida ou sobre outra anterior de contido igual ou similar.

4.º Se o recurso carece manifestamente de fundamento ou se resolvenen xa no fondo outros recursos substancialmente iguais.»

Trece. Modifícase o artigo 510, que queda redactado como segue:

«Artigo 510. *Motivos.*

1. Procederá a revisión dunha sentenza firme:

1.º Se despois de pronunciada, se recobran ou obteñen documentos decisivos, dos que non se puidese dispor por forza maior ou por obra da parte en cuxo favor se ditase.

2.º Se se ditase en virtude de documentos que, ao tempo de ditarse, unha das partes ignoraba que foran declarados falsos nun proceso penal, ou cuxa falsidade se declarase despois penalmente.

3.º Se se ditase en virtude de proba testifical ou pericial, e as testemuñas ou os peritos fosen condenados por falso testemuño dado nas declaracións que serviron de fundamento á sentenza.

4.º Se se gañase inxustamente en virtude de suborno, violencia ou maquinación fraudulenta.

2. Así mesmo, poderase interpor recurso de revisión contra unha resolución xudicial firme cando o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarase que a dita resolución foi ditada en violación dalgún dos dereitos recoñecidos no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais e os seus protocolos, sempre que a violación, pola súa natureza e gravidade, entrañe efectos que persistan e non poidan cesar de ningún outro modo que non sexa mediante esta revisión, sen que esta poida prexudicar os dereitos adquiridos de boa fe por terceiras persoas.»

Catorce. Modifícase o artigo 511, que queda redactado como segue:

«Artigo 511. *Lexitimación activa.*

Poderá solicitar a revisión quen fose parte prexudicada pola sentenza firme impugnada.

No suposto do punto 2 do artigo anterior, a revisión só poderá ser solicitada por quen fose demandante ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.»

Quince. Modifícase o punto 1 do artigo 512, que queda redactado como segue:

«1. En ningún caso se poderá solicitar a revisión despois de transcorridos cinco anos desde a data da publicación da sentenza que se pretende impugnar. Rexeitarase toda solicitude de revisión que se presente unha vez pasado este prazo.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable cando a revisión estea motivada nunha sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Neste caso, a solicitude deberase formular no prazo dun ano desde que adquira firmeza a sentenza do referido tribunal.»

Disposición derradeira quinta. *Disposicións con carácter de lei ordinaria e título competencial.*

1. Teñen carácter de lei ordinaria as disposicións adicionais segunda e quinta e as disposicións derradeiras primeira, terceira e cuarta.

2. A presente lei orgánica dítase en exercicio das competencias exclusivas atribuídas ao Estado en materia de Administración de xustiza polo artigo 149.1.5.ª da Constitución, salvo as disposicións derradeiras primeira, terceira e cuarta, que se ditan ao abeiro do

artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva para ditar a lexislación procesual.

Disposición derradeira sexta. *Normativa militar.*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais o proxecto de lei de reforma da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdición militar, que se deberá axustar ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira sétima. *Normativa procesual.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais os proxectos de lei de modificación das leis procesuais que resulten necesarios para a adaptación ao disposto nela e aprobará as normas regulamentarias precisas para o seu desenvolvemento.

Disposición derradeira oitava. *Estatuto básico dos letrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo.*

No prazo dun ano, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei que regule o estatuto dos letrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo. En todo caso, e no que se refire ao réxime retributivo destes letrados, aplicarase o previsto ao respecto no artigo 23 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.

Disposición derradeira novena. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Consello Xeral do Poder Xudicial procederá a elaborar o regulamento que desenvolva o procedemento a que se refire o artigo 296 da Lei orgánica do poder xudicial.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de outubro de 2015, excepto os puntos un, dous e cinco da disposición derradeira terceira, que o farán ao ano da súa publicación.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY